O fomento do investimento empresarial e o espírito emprendedor e promover a internacionalización e a atracción de investidores estranxeiros, ademais de medidas contempladas no Plan de Actividades do Instituto 2006-2009, constitúen dúas das cinco medidas incluídas no Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011 no eixe denominado desenvolvemento e modernización empresarial, o que xunto con outras medidas dá conta de que estes orzamentos pretenden atender, dentro do ámbito de actuación do Instituto, ao contido do devandito acordo.

Eixe 1: Emprendedores

O espírito emprendedor é un indicador de dinamismo e progreso dunha economía. Apoiar o nacemento e crecemento do tecido empresarial é pois un obxectivo no que o Instituto pretende afondar cun conxunto de accións que por un lado sigan sensibilizando á sociedade da importancia dos emprendedores e por outra lles faciliten superar as principais barreiras, entre as que se atopa o acceso ao crédito, para a implantación dos seus proxectos.

A potenciación dos instrumentos de sensibilización e difusión, incluíndo actos como o Día Galego do Emprendedor, máis outras accións de apoio para a extensión da cultura emprendedora, incluíndo o ámbito educativo e a cooperación con municipios e entidades asociativas a través do proxecto da UPD Coordina Local, forman parte deste eixe que se completa con servizos gratuítos de formación e acompañamento a potenciais emprendedores prestados por Bic Galicia e con apoios de tipo financeiro para facilitar e mellorar o acceso ao financiamento dos proxectos emprendedores (convenios con axentes financeiros, subvencións e préstamos directos do Instituto, achegas a fondos de capital risco e convenios de microcréditos, entre outros).

Como parte das medidas de fomento do investimento empresarial e ampliación das ferramentas de financiamento empresarial inclúese neste eixe unha importante previsión de fortalecemento de Emprende Fondo de Capital Risco maioritariamente participado polo IGAPE, cunha achega de 11 millóns de euros que debe contribuír a prover financiamento a novos proxectos emprendedores en Galicia e paliar en parte un escenario de dificultades para o acceso ao crédito para os novos emprendedores.

Son de destacar tamén as accións previstas no ámbito do fomento das redes de investidores máis o portal do emprendemento en Galicia e a rede estendida do emprendedor, espazos colaborativos e de cooperación que pretenden complementar as medidas indicadas anteriormente.

Eixe 2: Investimento empresarial

O eixe de investimento empresarial, que está orientado á prestación de apoios para facilitar a implantación dos proxectos empresariais de maior impacto no tecido produtivo e na xeración de emprego de calidade en Galicia, adquire nos orzamentos de 2009 unha dimensión excepcional con respecto a anos anteriores. Ante un escenario de restricións crediticias e dificultades para o crecemento, este eixe dos orzamentos pretende contribuír mediante un forte impulso das ferramentas públicas de financiamento empresarial a paliar as dificultades existentes e a facilitar aos proxectos viables a súa consolidación e crecemento. Así, ademais de manter cun notable crecemento respecto a 2008 as liñas de incentivos económicos en forma de axudas a fondo perdido a proxectos de investimento empresarial, seguindo coa aplicación dos fondos estruturais do novo período marco de programación comunitaria 2007-2013, en 2009 o Instituto ten previsto incrementar de xeito moi relevante outras ferramentas de apoio para o financiamento empresarial, en particular os investimentos nas entidades de capital risco (SODIGA e o Fondo de Capital Risco Adiante) e a concesión de préstamos directos a empresas mediante a cooperación co Banco Europeo de Inversiones. Case 31 millóns de euros destinados ás entidades de capital risco e 150 millóns para un programa de préstamos directos a empresas son os importes que fan medrar de xeito tan significativo os gastos presupostados neste eixe, con respecto ao ano anterior. Esta última medida contempla obter do BEI os fondos que se dedicarán á concesión de préstamos a pemes, que acadarán un importe de 200 millóns de euros ao engadirse novos instrumentos de cobertura de riscos que se implantarán en colaboración coa citada entidade, afondando así na cooperación con esta entidade pública iniciada recentemente, e que dá un novo impulso ás medidas baseadas en enfoques de riscos compartidos en detrimento das axudas a fondo perdido. A ampliación do límite de concesión de avais do Instituto ata un risco máximo de 500 millóns de euros mais o impulso a liñas de financiamento de circulante e de reestructuración de pasivos complementan a batería de medidas neste ámbito.

Ademais dos importantes recursos financeiros dedicados polo Instituto a este eixe, as medidas de impulso dos investimentos empresariais se complementan coa coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Economía a través da liña de incentivos económicos rexionais, e outras liñas como as de reindustrialización do Ministerio de Industria que acompañarán as actuacións do Plan de Desenvolvemento Integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Nesta liña contéplase unha dotación específica de 6 millóns de euros para proxectos de desenvolvemento nas comarcas citadas, para esta liña de actuación iniciada en 2006, e que este ano tamén contempla a posibilidade de promover infraestruturas físicas para prover espazos para a implantación nas comarcas de empresas de servizos avanzados.

Os concellos incluídos nos ámbitos de plans territoriais como o Plan de Reequilibrio Territorial ou o Plan da Costa da Morte tamén están contemplados nas bases reguladoras das axudas con incentivos adicionais para os proxectos de investimento empresarial destinados a ditos territorios.

Eixe 3: Internacionalización

En liña co Acordo pola Competitividade de Galicia, a importancia do fomento da internacionalización fai que este eixe se veña consolidando dende hai uns anos como un dos eixes prioritarios das actividades do Instituto, e que se converta en 2009 en un dos que experimenta un maior crecemento en termos de recursos financeiros respecto ao ano anterior intentando impulsar este factor como unha das respostas á conxuntura económica actual.

A publicación en maio 2008 de unhas novas bases reguladoras de axudas para a internacionalización das empresas galegas vén de completar un amplo programa de apoios e servizos neste eido, provocando a subida do orzamento total deste eixe de 5,7 millóns de euros en 2008 a 11,5 millóns en 2009. Este eixe contempla preto de 6 millóns de euros para as subvencións derivadas das novas bases de axudas mencionadas anteriormente, e algo mais de 3 millóns de euros destinados á promoción exterior de bens, servizos e investimentos, a iniciativas de mellora do capital humano no ámbito da internacionalización e ás actividades de potenciación das redes de empresarios galegos no exterior, incluíndo por exemplo a celebración en xaneiro 2009 en Santiago de Compostela dun novo encontro de empresarios e profesionais galegos en rede de 5 días de duración. O resto do orzamento dedicarase aos centros de promoción de negocios do Instituto no exterior e ás accións para atracción e retención de investimentos estranxeiros, incorporando accións específicas para a fidelización de novos investimentos.

Eixe 4: Mellora da competitividade

Ademais da contribución que os eixes anteriores pretenden facer para mellorar a competitividade do tecido empresarial, os orzamentos contemplan un eixe con accións específicas neste eido, principalmente subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na xestión empresarial mediante a consultoría de procesos e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando, entre outros. Entre as novas liñas pódese salientar que se contemplan neste eixe incentivos para as empresas galegas para incentivar o seu acceso o Mercado Alternativo Bursatil, facilitándolles a realización das análises e procesos previos preparatorios como unha oportunidade máis de mellorar as súas capacidades financeiras.

Estas accións complementáanse con outros incentivos económicos ao abeiro de programas coxestionados coa Administración Central (Programa Innoempresa), que segue a acoller nas sucesivas convocatorias realizadas no 2007 e 2008 un elevado número de solicitudes por parte das pemes e de institucións asociativas das mesmas nos ámbitos de innovación organizativa, innovación tecnolóxica, e a realización de diagnósticos e plans de mellora, entre outros.

Por último contémplanse tamén neste eixe iniciativas de colaboración con entidades galegas sen fin de lucro para o artellamento de iniciativas singulares de apoio á innovación nas empresas galegas.

Eixe 5: Cooperación

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos e outra das medidas sinaladas no Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011 para contribuír ao desenvolvemento e á modernización empresarial, e que o Instituto vén tendo presente especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste eixe nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais destinatarios os clústers e organismos intermedios.

Tamén inclúense neste eixe as múltiples iniciativas de colaboración que se levan realizando mediante actuacións coordinadas cos axentes financeiros situados en Galicia, tanto de carácter público como o ICO, como de carácter privado como as entidades financeiras implantadas en Galicia, no ámbito de favorecer o acceso ao financiamento das pemes en xeral ou de sectores particulares do tecido produtivo en colaboración cos departamentos competentes da Xunta de Galicia como medio rural e pesca, entre outros.

Baixo este enfoque de cooperación e coordinación entre axentes inclúense medidas como os incentivos económicos a agrupacións empresariais innovadoras (AEIs) para o desenvolvemento de polos de crecemento e innovación. Inclúense deste xeito apoios para a elaboración de plans estratéxicos sectoriais ou multisectoriais, a nivel de cadeas de valor, para a implementación dos propios plans. Baixo este eixe contéplase tamén a creación de redes e foros de intercambio e colaboración no ámbito da innovación e a excelencia empresarial.

Eixe 6: Proxectos Igape proactivo

Baixo este eixe inclúense accións que teñen como denominador común mellorar a atención integral do Instituto aos empresarios e emprendedores, tomando a iniciativa no desenvolvemento de proxectos como a administración electrónica ou o desenvolvemento de portelos multicanle de atención integral a proxectos empresariais, ou fomentando a participación en proxectos e iniciativas convocadas pola Unión Europea. A formulación de actividades formativas para os recursos humanos do Instituto pretende fortalecer as capacidades de prestación deste tipo de servizos e a concienciación en xeral de avanzar nas ferramentas de coñecemento.

Eixe 7: Actividades soporte

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do Instituto e os gastos xerais de funcionamento do Instituto, incluídos os gastos de persoal.

3. FINANCIAMENTO

Os ingresos-

A táboa seguinte mostra a distribución dos ingresos previstos xunto coa súa comparación cos previstos no orzamento do ano anterior:

PREVISIÓN DE INGRESOS	Millóns de Euros		% Variación 2009/2008	
	2009	2008	Absoluta	%
Remanente	30,4	18,5	11,9	64,3
Ingresos propios	10,0	2,5	7,5	300,0
Transferencias correntes	10,0	10,0	0,0	0,0
Transferencias de capital	106,0	104,0	2,0	1,9
Préstamos recibidos	150,0	0,0	150,0	n/a
Total:	306,4	135,0	171,4	127,0

A comparación do orzamento de ingresos de 2009 respecto ao 2008 amosa como máis destacado a inclusión como préstamos recibidos da previsión de fondos a tomar do Banco Europeo de Inversiones para destinar á concesión de préstamos a empresas, pasando a representar unha das principais fontes de financiamento do orzamento de 2009. As transferencias de capital, que proceden na súa gran maioría da Consellería de Economía e Facenda, experimentan tamén un incremento importante que serve para financiar, fundamentalmente o incremento previsto en achegas ás entidades de capital risco. Tamén é de destacar o incremento previsto nos ingresos propios que se deriva, fundamentalmente de contemplar os ingresos previstos polos investimentos financeiros e os préstamos a conceder a empresas.

O detalle das transferencias de capital previstas e a súa comparación co orzamento de 2008 amósase a continuación

DESCRICIÓN	Millóns de Euros		% Variación 2009/2008	
	2009	2008	Absoluta	%
Feder	19,7	19,4	0,3	1,5
Cofinanciación Feder	8,1	6,9	1,2	17,4
Fondos incondicionados	73,4	71,8	1,6	2,2
Outros	4,8	5,9	-1,1	-18,6
Total:	106,0	104,0	2,0	1,9

Os gastos. Clasificación económica-

A táboa seguinte mostra a distribución económica dos gastos previstos no orzamento de 2009 comparados co orzamento inicial de 2008:

CONCEPTO	Millóns de Euros		% Variación
	2009	2008	2009/2008
Inmobilizacións inmateriais	0,5	0,7	-28,6
Inmobilizacións materiais	0,4	0,4	0,0
Investimentos financeiros permanentes	184,0	24,3	657,2
Débedas en prazo curto por préstamos recibidos	0,0	0,4	-100,0
Servizos exteriores	9,4	10,0	-6,0
Gastos de persoal e prestacións sociais, agas UPD Coordina Local	7,2	6,9	4,3
Gastos de persoal laboral temporal. Proxecto UPD Coordina Local	0,6	0	n/a
Transferencias correntes, de capital, subvencións correntes e de capital	99,0	91,7	8,0
Gastos financeiros	5,3	0,0	n/a
Outros	0,0	0,6	-100,0
Total:	306,4	135,0	127,0

A distribución económica dos gastos presupostados para 2009 amosa a orientación xa comentada de incidir moi especialmente en fórmulas de provisión de financiamento ás empresas mediante axudas reintegrables (préstamos BEI, capital risco,...) o que fai elevar significativamente o importe dedicado a este tipo de instrumentos ata situalo en 184 millóns de euros. Os gastos previstos por transferencias e subvencións medran un 8% respecto ao ano anterior, para dar cobertura aos programas de axudas aos investimentos e aos emprendedores, á internacionalización, á competitividade e á cooperación, etc. que estarán en vigor no ano 2009.

Por último tamén é de destacar, ademais do compromiso de contención dos gastos xerais (o conxunto de servizos exteriores mais gastos de persoal fixo experimenta unha lixeira diminución respecto o orzamento de 2008) a creación da Unidade de Promoción e Desenvolvemento "Coordina Local" constituída ao abeiro dunha Orde da Consellería de Traballo e que completou a súa dotación de persoal durante 2008. Os gastos de persoal derivados da previsión das 15 persoas destinadas a este proxecto que ten unha duración prevista ata decembro de 2009 figuran incluídos nestes orzamentos para 2009, así como os fondos europeos obtidos para este proxecto que se atopan presupostados paralelamente no orzamento de ingresos como ingresos propios o estar instrumentados nunha subvención da Consellería de Traballo concedida ao Instituto e que financia arredor dun 80% do custo de persoal destinado a este proxecto.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Año: 2009

FICHA DE PRESUPOSTO

06.04

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
1	FINANCIAMENTO BÁSICO	150.000.000,00 €
17	DÉBEDAS EN PRAZO LONGO POR PRÉSTAMOS RECIBIDOS E OUTROS CONCEPTOS.	150.000.000,00 €
170	Débedas en prazo longo con entidades de crédito.	150.000.000,00 €
1700	Débedas en prazo longo con entidades de crédito.	150.000.000,00 €
17001	Débedas en prazo longo con entidades de crédito C.E.	150.000.000,00 €
170010	Débedas en prazo longo BEI.	150.000.000,00 €
2	INMOBILIZADO	15.000,00 €
25	INVESTIMENTOS FINANCEIROS PERMANENTES.	15.000,00 €
252	Créditos a prazo longo	15.000,00 €
2520	Créditos a longo prazo	15.000,00 €
25202	Créditos a longo prazo convenio SEPIDES	15.000,00 €
252020	Créditos a longo prazo convenio SEPIDES	15.000,00 €
5	CONTAS FINANCEIRAS.	1.666.502,74 €
54	INVESTIMENTOS FINANCEIROS TEMPORAIS.	1.666.502,74 €
542	Créditos en prazo curto	1.473.941,06 €
5420	Créditos en prazo curto.	1.473.941,06 €
54201	Créditos en prazo curto.Sector audiovisual.	729.557,06 €
542010	Créditos en prazo curto.Sector audiovisual.	729.557,06 €
54202	Créditos en prazo curto SEPIDES	430.000,00 €
542020	Créditos en prazo curto SEPIDES	430.000,00 €
54203	Créditos en prazo curto Emprendedores.	175.984,00 €
542030	Créditos en prazo curto Emprendedores.	175.984,00 €
54204	Créditos en prazo curto. Proxectos específicos	138.400,00 €
542040	Créditos en prazo curto. Préstamos específicos.	138.400,00 €
543	Créditos en prazo curto por alleamento de inmovilizado.	192.561,68 €
5430	Créditos en prazo curto por alleamento de inmovilizado.	192.561,68 €
54300	Créditos en prazo curto por alleamento de inmovilizado.	192.561,68 €
543000	Créditos en prazo curto por alleamento de inmovilizado.	192.561,68 €
7	VENDAS E INGRESOS POR NATUREZA.	33.279.908,98 €
75	TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS.	33.279.908,98 €
756	Subvencions de capital.	33.279.908,98 €
7565	De comunidades autónomas	33.279.908,98 €
75650	Consellería de economía e facenda.	33.279.908,98 €
756500	Subvención de capital da Cª de Economía e Facenda	33.279.908,98 €
	Total	184.961.411,72 €

Financiamento 2009

Conta	Orixe de fondos	Importe
170010	Fondos Propios Incondicionados	150.000.000,00 €
252020	Fondos Propios Incondicionados	15.000,00 €
542010	Fondos Propios Incondicionados	729.557,06 €
542020	Fondos Propios Incondicionados	430.000,00 €
542030	Fondos Propios Incondicionados	175.984,00 €
542040	Fondos Propios Incondicionados	138.400,00 €
543000	Fondos Propios Incondicionados	192.561,68 €
756500	Fondos Propios Incondicionados	33.279.908,98 €
TOTAL		184.961.411,72 €

Memoria:

Contempla o financiamento, en concepto de subvención de capital da Consellería de Economía e Facenda e outros ingresos propios do IGAPE, destinado ós gastos en inmovilizado material e inmaterial (construcións, mobiliario, equipos para procesos de información, aplicacións informáticas, etc.) e financeiro (préstamos, aportacións a fondos de capital risco, etc.). Tamén inclúe a previsión dun préstamo a concertar co Banco Europeo de Inversiones (BEI), con destino á concesión de préstamos a longo prazo a empresas galegas para o financiamento de investimentos.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Año: 2009

FICHA DE PRESUPOSTO

06.05

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
1	FINANCIAMENTO BÁSICO	30.386.619,81 €
12	RESULTADOS PENDENTES DE APLICACIÓN.	30.386.619,81 €
120	Resultados positivos de ejercicios anteriores.	30.386.619,81 €
1200	Resultados de Ejercicios Anteriores	30.386.619,81 €
12000	Resultados positivos ejercicio anterior	30.386.619,81 €
120000	Resultados positivos ejercicio anterior	30.386.619,81 €
7	VENDAS E INGRESOS POR NATUREZA.	91.056.968,47 €
70	VENDAS	295.607,00 €
705	Prestacións de servizos.	295.607,00 €
7051	Ingresos por formalización de avais	295.607,00 €
70510	Ingresos por formalización de avais	295.607,00 €
705100	Ingresos por formalización de avais	295.607,00 €
75	TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONES.	83.151.305,36 €
750	Transferencias correntes.	9.968.937,00 €
7505	De comunidades autónomas	9.968.937,00 €
75050		9.968.937,00 €
750500	Transferencia corrente C. Economía	9.968.937,00 €
751	Subvenciones correntes.	416.917,34 €
7515	De comunidades autónomas	416.917,34 €
75153	Consellería de Traballo.	416.917,34 €
751530	Subvención corrente. Consellería de Traballo.	416.917,34 €
755	Transferencias de capital.	72.765.451,02 €
7555	De comunidades autónomas	72.765.451,02 €
75550	Consellería de economía e facenda.	72.765.451,02 €
755500	Transferencia de capital C. Economía	72.765.451,02 €
76	INGRESOS FINANCEIROS.	7.610.056,11 €
760	Ingresos de participaciones en capital.	651.786,69 €
7605	Do Sector Público	651.786,69 €
76050	Dividendos e participaciones en beneficios	651.786,69 €
760502	Dividendos e participaciones en beneficios. Sodiga	651.786,69 €
762	Ingresos de créditos en prazo longo.	5.576.313,39 €
7620	Ingresos de créditos en prazo longo.	5.576.313,39 €
76200	Ingresos de créditos en prazo longo.Produccións audiovisuais	124.812,04 €
762000	Ingresos de créditos en prazo longo.Produccións Audiovisuais	124.812,04 €
76201	Ingresos de créditos en prazo longo.Emprendedores	34.714,05 €
762010	Ingresos de créditos en prazo longo.Emprendedores	34.714,05 €
76202	Ingresos de créditos en prazo longo.Roberto Verino Difusión.	129.979,12 €
762020	Ingresos de créditos en prazo longo.Roberto Verino Difusión.	129.979,12 €
76204	Ingresos de créditos en prazo longo préstamos específicos	22.490,00 €
762040	Ingresos de créditos en prazo longo préstamos específicos	22.490,00 €
76205	Ingresos de créditos en prazo longo.Proxectos innovación tecnolóxica.	14.318,18 €
762050	Ingresos de créditos en prazo longo.Proxectos innovación tecnolóxica.	14.318,18 €
76206	Ingresos de créditos en prazo longo financiamento BEI.	5.250.000,00 €
762060	Ingresos de créditos en prazo longo financiamento BEI.	5.250.000,00 €
769	Outros ingresos financeiros.	1.381.956,03 €
7691	Xuros de contas correntes	678.456,03 €
76910	Xuros de contas correntes	678.456,03 €
769100	Xuros de contas correntes	678.456,03 €
7693	Xuros de demora.	3.500,00 €
76930	Xuros de demora.	3.500,00 €
769300	Xuros de demora.	3.500,00 €
7695	Ingresos por comisión de apertura.	700.000,00 €
76950	Ingresos por comisión de apertura.	700.000,00 €
769500	Ingresos por comisión de apertura.	700.000,00 €
	Total	121.443.588,28 €

Financiamento 2009

Conta	Orixe de fondos	Importe
120000	Fondos Propios Incondicionados	30.386.619,81 €

705100	Fondos Propios Incondicionados	295.607,00 €
750500	Fondos Propios Incondicionados	6.335.297,00 €
750500	FSE 2007-2013 1.62	1.104.081,00 €
750500	Cofinanciación FSE 2007-2013 1.62	276.020,00 €
750500	FSE 2007-2013 1.63	1.542.410,00 €
750500	Cofinanciación FSE 2007-2013 1.63	385.603,00 €
750500	FSE 2007-2013 4.80	260.421,00 €
750500	Cofinanciación FSE 2007-2013 4.80	65.105,00 €
751530	Subvención proxecto UPD Coordina Local	416.917,34 €
755500	Fondos Propios Incondicionados	38.932.841,02 €
755500	FEDER 2007-2013 1.07 (Anualidade 2009)	1.401.797,00 €
755500	Fondos propios que cofinancian FEDER 2007-2013 1.07 (Anualidade 2009)	350.449,00 €
755500	FEDER 2007-2013 2.08 (Anualidade 2009)	13.178.717,00 €
755500	FCI que cofinancia FEDER 2007-2013 2.08 (Anualidade 2009)	5.648.022,00 €
755500	FEDER 2007-2013 2.09 (Anualidade 2009)	5.087.211,00 €
755500	FCI que cofinancia FEDER 2007-2013 2.09 (Anualidade 2009)	1.030.175,00 €
755500	Fondos propios que cofinancian FEDER 2007-2013 2.09 (Anualidade 2009)	1.150.058,00 €
755500	Programa INNOEMPRESA 2009	4.788.945,00 €
755500	Cofinanciación Programa INNOEMPRESA 2009	1.197.236,00 €
760502	Fondos Propios Incondicionados	651.786,69 €
762000	Fondos Propios Incondicionados	124.812,04 €
762010	Fondos Propios Incondicionados	34.714,05 €
762020	Fondos Propios Incondicionados	129.979,12 €
762040	Fondos Propios Incondicionados	22.490,00 €
762050	Fondos Propios Incondicionados	14.318,18 €
762060	Fondos Propios Incondicionados	5.250.000,00 €
769100	Fondos Propios Incondicionados	678.456,03 €
769300	Fondos Propios Incondicionados	3.500,00 €
769500	Fondos Propios Incondicionados	700.000,00 €
TOTAL		121.443.588,28 €

Memoria:

Comprende a totalidade do financiamento para operacións de explotación, detallando as achegas por transferencias correntes e de capital da Consellería de Economía e Facenda, así como outros recursos propios (ingresos por formalización de avais, xuros de contas correntes e créditos, etc.)

**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA****ORZAMENTO DE GASTOS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2009
RESUMO POR ÁREAS E SUBDIRECCIÓN S**

Unidade	Desc Unidade	Presuposto Inicial
01		
01.01	Subdirección de Promoción Empresarial	980.000,00 €
01.02	Subdirección de Difusión Tecnolóxica e Plans Estratégicos Empresariais	2.875.280,00 €
01.03	Subdirección de Información Especializada	2.270.000,00 €
01.04	Subdirección de Internacionalización	8.447.438,36 €
Total: 01	Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial	14.572.718,36 €
02		
02.01	Subdirección de Programas de Acceso ao Crédito	190.299.010,80 €
02.02	Subdirección de Xestión de Proxectos	79.310.000,00 €
Total: 02	Área de Financiamento	269.609.010,80 €
03		
03.01	Subdirección de Xestión Económico-Financeira	15.134.614,13 €
03.02	Subdirección de Servicios Xurídicos, Deseño e Control de Procedementos	1.357.956,71 €
Total: 03	Secretaría Xeral	16.492.570,84 €
04		
04.01	Oficina Exterior de Xapón	415.000,00 €
04.03	Oficina Exterior de Estados Unidos	518.000,00 €
04.04	Oficina Exterior de Alemania	387.000,00 €
04.05	Oficina Exterior de Polonia	355.000,00 €
04.06	Oficina Exterior de China	360.200,00 €
Total: 04	Delegacións dos Centros de Promoción de Negocios do Instituto no Exterior	2.035.200,00 €
05		
05.00	Dirección de Área de Seguimento e Coordinación de Programas	420.000,00 €
Total: 05	Área de Seguimento e Coordinación de Programas	420.000,00 €
07		
07.00	Oficina xestora do Plan de Desenvolvemento Integral de Ferrolterra	3.275.500,00 €
Total: 07	Dirección da oficina do Plan de Desenvolvemento Integral de Ferrolterra	3.275.500,00 €
TOTAL:		306.405.000,00 €



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

ORZAMENTO DE GASTOS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2009
RESUMO POR EIXES E ACCIÓNS

	Acción	Desc Acción	Presuposto Inicial
E1			
	E1/10/01	Apoios a proxectos emprendedores	3.160.000,00 €
	E1/10/02	Proxectos de mellora do capital humano	1.500.000,00 €
	E1/12/01	Aportacións ao Fondo EMPRENDE	11.000.000,00 €
	E1/12/03	Novos Instrumentos Financeiros - Iniciativa Jeremie	2.250.000,00 €
	E1/13/01	Microcréditos	1.650.000,00 €
	E1/13/02	Apoios ao financiamento de emprendedores	825.000,00 €
	E1/14/01	BIC Galicia	2.725.280,00 €
	E1/20/01	Programa de Formación e emprego (Convenio FEUGA)	295.000,00 €
	E1/20/02	Servizo de mentoring para a consolidación de empresas xoves	100.000,00 €
	E1/20/03	UPD Coordina Local	580.115,40 €
	E1/30/02	Foro, Portal e redes emprendedoras	600.000,00 €
Total: E1		EMPRENDEDORES	24.685.395,40 €
E2			
	E2/10/01	Plan Integral de desenvolvemento de Ferrolterra	6.000.000,00 €
	E2/10/02	Base investimento	45.000.000,00 €
	E2/10/03	Investimento e desenvolvemento tecnolóxico das Pemes	10.000.000,00 €
	E2/11/01	Préstamos a pemes para investimentos	155.250.000,00 €
	E2/12/01	Fondo ADIANTE	14.000.000,00 €
	E2/12/03	SODIGA	3.400.000,00 €
Total: E2		INVESTIMENTO EMPRESARIAL	233.650.000,00 €
E3			
	E3/10/01	Apoios á Internacionalización	5.152.000,00 €
	E3/20/01	Atracción e retención de investimentos exteriores	980.000,00 €
	E3/20/02	Promoción exterior de bens, servizos e investimentos	1.560.538,36 €
	E3/20/03	Mellora Capital Humano en internacionalización	1.034.900,00 €
	E3/20/05	Actividades promocionais e de servizos dos Centros de Promoción de Negocios.	2.035.200,00 €
	E3/30/01	Rede Galega de negocios e Internacionalización AEI	700.000,00 €
Total: E3		INTERNACIONALIZACIÓN	11.462.638,36 €
E4			
	E4/10/01	Mellora da produtividade do tecido produtivo	4.775.500,00 €
	E4/10/02	Mellora do capital organizativo e innovación nas pemes.	5.400.000,00 €
	E4/10/03	Excelencia empresarial. Diagnósticos.	500.000,00 €
	E4/13/01	Apoios ao financiamento da innovación	825.000,00 €
	E4/20/01	Prestación de servizos tecnolóxicos	150.000,00 €
	E4/20/03	Servizo de mentoring para empresas de alto potencial de crecemento	100.000,00 €
Total: E4		MELLORA DA COMPETITIVIDADE	11.750.500,00 €
E5			
	E5/10/01	Subsidiación de xuros	5.030.000,00 €
	E5/10/02	Axudas de reestruturación e custos de auditoría	1.000.000,00 €
	E5/10/03	Aportacións ao Consorcio Audiovisual de Galicia	120.000,00 €
	E5/10/05	Redes e mellora da produtividade a través da cooperación	5.500.000,00 €
	E5/12/01	Aportacións a Sociedades de Garantía Recíproca	319.010,80 €
Total: E5		COOPERACIÓN	11.969.010,80 €
E6			
	E6/10/01	Impulso a participación en Proxectos Europeos	500.000,00 €
	E6/20/01	Oficina de implantación e seguimento de plans estratéxicos	300.000,00 €
	E6/20/02	Proxecto e-Igape (dixitalización)	475.251,42 €
	E6/20/03	Portelo multicanal de atención integral a proxectos empresariais	250.000,00 €
Total: E6		PROXECTOS IGAPE PROACTIVO	1.525.251,42 €
E7			
	E7/20/01	Difusión e divulgación dos programas, servizos e actividades do Igape	1.220.000,00 €
	E7/20/02	Publicacións	250.000,00 €
	E7/50/01	Dotación ós Medios Persoais do IGAPE	7.073.723,70 €
	E7/50/02	Formación e Especialización do Persoal do IGAPE	61.897,07 €
	E7/50/03	Dotacións para o Inmobilizado	313.496,52 €
	E7/50/04	Xestión Económico-Financeira	168.699,29 €
	E7/50/05	Funcionamento Operativo dos Servizos	1.688.068,46 €
	E7/50/06	Administración e Soporte de Sistemas Informáticos	156.835,38 €
	E7/50/07	Normalización de Procesos Administrativos	429.483,60 €
Total: E7		ACTIVIDADE DE SOPORTE	11.362.204,02 €
TOTAL:			306.405.000,00 €



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

ORZAMENTO DE GASTOS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2009
RESUMO POR SUBGRUPOS E CONTAS

Conta	Desc Conta	Presuposto Inicial
21		
215000	Aplicacións Informáticas	582.404,40 €
Total: 21	INMOBILIZACIÓNS INMATERIAIS.	582.404,40 €
22		
221000	Construcións	39.328,01 €
223000	Instalacións	6.782,37 €
226000	Mobiliario	116.945,12 €
226110	Oficina Xapón	12.000,00 €
226111	Oficina China	2.000,00 €
226120	Oficina Nova York	5.000,00 €
226140	Oficina Alemaña	2.000,00 €
226141	Oficina Polonia	4.000,00 €
227000	Equipos para procesos de información.	200.441,02 €
227110	Oficina Xapón	8.000,00 €
227111	Oficina China	2.500,00 €
227120	Oficina Nova York	5.000,00 €
227140	Oficina Alemaña	3.000,00 €
227141	Oficina Polonia	3.000,00 €
Total: 22	INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS.	409.996,52 €
25		
250020	SODIGA	3.400.000,00 €
250040	Sociedade promotora P. Ferrol	3.000.000,00 €
250150	SOGARPO	319.010,80 €
250500	Fondo Emprende	11.000.000,00 €
250510	Fondo Adiante	14.000.000,00 €
250540	Iniciativa Jeremie	2.250.000,00 €
252050	Créditos a I.p.a pemes, financiación BEI.	150.000.000,00 €
Total: 25	INVESTIMENTOS FINANCEIROS PERMANENTES.	183.969.010,80 €
62		
621100	Construcións	260.529,79 €
621500	Mobiliario	702,51 €
621700	Elementos de transporte.	17.096,06 €
621800	Outro inmovilizado material	704,52 €
622100	Construcións	100.724,14 €
622300	Instalacións	8.516,19 €
622600	Mobiliario.	34.358,73 €
622700	Equipos para procesos de información.	60.835,38 €
622800	Elementos de transporte	3.167,70 €
623000	Remuneracións a axentes mediadores	180.000,00 €
623200	Estudios e traballos técnicos	3.129.478,51 €
623300	Xurídicos e contenciosos	23.808,20 €
623900	Outros servizos de profesionais independentes	8.799,54 €
624000	Parque mobil	7.038,99 €
625000	Primas de seguros.	18.011,88 €
626000	Comisións bancarias	8.355,90 €
627000	Publicidade e propaganda	1.905.000,00 €
627100	Atencións protocolarias e representativas	54.886,74 €
627200	Reunións e conferencias	1.627.106,16 €
628000	Enerxía eléctrica.	78.633,56 €
628100	Auga.	7.038,99 €
628200	Gas.	9.502,05 €
628300	Combustibles.	11.966,18 €
628900	Outras subministracións	22.420,09 €
629000	Material de oficina ordinario non inventariable.	129.567,73 €
629100	Prensa, revistas, libros e outras publicacións.	87.577,39 €
629200	Limpeza e aseo.	117.757,65 €
629300	Seguridade.	177.892,42 €
629400	Indemnizacións por razón de servizo	447.989,87 €
629700	Comunicacións telefónicas.	124.848,58 €
629800	Outras comunicacións	263.684,94 €
629990	Outros servizos	464.706,51 €
Total: 62	SERVIZOS EXTERIORES.	9.392.706,90 €



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

ORZAMENTO DE GASTOS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2009
RESUMO POR SUBGRUPOS E CONTAS

Conta	Desc Conta	Presuposto Inicial
63		
630000	Tributos de carácter local.	7.221,52 €
632000	Tributos de carácter estatal.	2.743,22 €
Total: 63	TRIBUTOS.	9.964,74 €
64		
640000	Soldos e salarios.	5.942.716,63 €
641000	Indemnizacións.	6.977,44 €
642000	Seguridad Social	1.512.583,23 €
642010	Seguridad Social CPN Alemaña.	12.000,00 €
644000	Formación e perfeccionamento do persoal	61.897,07 €
644100	Acción Social.	205.561,80 €
644201	Seguros médicos dos Centros de Promoción de Negocios	35.500,00 €
Total: 64	GASTOS DE PERSOAL E PRESTACIÓNS SOCIAIS.	7.777.236,17 €
65		
650410	BIC GALICIA	2.675.280,00 €
650700	A empresas privadas	30.000,00 €
651450	A outros entes públicos.	1.005.538,36 €
651700	A empresas privadas	3.869.000,00 €
651800	A familias e institucións sen fin de lucro	5.292.400,00 €
655410	A empresas públicas BIC GALICIA	50.000,00 €
656450	A outros entes públicos	120.000,00 €
656700	A empresas privadas	74.160.000,00 €
656701	A entidades financeiras	2.000.000,00 €
656702	A Sociedades de Garantía Recíproca	1.300.000,00 €
656800	A familias e institucións sen fins de lucro	8.500.000,00 €
Total: 65	TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS.	99.002.218,36 €
66		
662001	Xuros de débedas en prazo longo. BEI	5.250.000,00 €
668000	Diferencias negativas de cambio.	2.110,75 €
669900	Outros gastos financeiros.	9.351,36 €
Total: 66	GASTOS FINANCEIROS.	5.261.462,11 €
TOTAL:		306.405.000,00 €



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
Año: 2009
FICHA DE PRESUPOSTO

Clasificación Orgánica:

Área: 01 Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial

Unidade: 01.01 Subdirección de Promoción Empresarial

Denominación do proxecto:

Eixe: E3 - INTERNACIONALIZACIÓN

Acción : E3/20/01 Atracción e retención de investimentos exteriores

Código proxecto:

99.2009.22

Prioridade:

3

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
6	COMPRAS E GASTOS POR NATUREZA.	980.000,00 €
62	SERVIZOS EXTERIORES.	980.000,00 €
623	Servizos de profesionais independentes e empresas consultoras.	330.000,00 €
6230	Remuneracións a axentes mediadores	180.000,00 €
62300	Remuneracións a axentes mediadores	180.000,00 €
623000	Remuneracións a axentes mediadores	180.000,00 €
6232	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
62320	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
623200	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
627	Publicidade, propaganda e relacións públicas.	650.000,00 €
6270	Publicidade e propaganda	450.000,00 €
62700	Publicidade e propaganda	450.000,00 €
627000	Publicidade e propaganda	450.000,00 €
6272	Reunións e conferencias	200.000,00 €
62720	Reunións e conferencias	200.000,00 €
627200	Reunións e conferencias	200.000,00 €
	Total	980.000,00 €

Financiamento 2009

Orixe de fondos

Fondos Propios Incondicionados

Memoria:

Actuacións de promoción no exterior das oportunidades de investimento en Galicia. Presentacións de Galicia no exterior a empresarios, asistencia a feiras e a seminarios de investimento. Desenvolvemento da campaña de marketing internacional. Acordos de colaboración con empresas, institucións e axencias de desenvolvemento para a captación de proxectos de investimento. Acordos e contratos con axentes intermediarios para a captación de proxectos de investimento. Incremento na relación cos empresarios de orixe galego no exterior. Busca de proxectos emprendedores altamente innovadores. Busca de proxectos de sectores emerxentes de escasa implantación en Galicia.

Accións de promoción especializada organizando viaxes a Galicia para compañías internacionais: organizar axendas de contacto con empresas galegas, loxística de viaxes, traducións e presentacións de alta calidade e seguimento e avaliación de contactos.

Servizo de fidelización(after-care)buscando a retención de investimentos e posibles reinvestmentos.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
Ano: 2009
FICHA DE PRESUPOSTO

Clasificación Orgánica:

Área: 01 Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial

Unidade: 01.02 Subdirección de Difusión Tecnolóxica e Plans Estratéxicos Empresariais

Denominación do proxecto:

Eixe: E1 - EMPRENDEDORES

Acción : E1/14/01 BIC Galicia

Código proxecto:

99.2009.1

Prioridade:

1

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
6	COMPRAS E GASTOS POR NATUREZA.	2.725.280,00 €
65	TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS.	2.725.280,00 €
650	Transferencias correntes.	2.675.280,00 €
6504	A empresas públicas e outros entes públicos.	2.675.280,00 €
65041	A empresas públicas participadas	2.675.280,00 €
650410	BIC GALICIA	2.675.280,00 €
655	Transferencias de capital.	50.000,00 €
6554	A empresas públicas e outros entes públicos	50.000,00 €
65541	A empresas públicas participadas	50.000,00 €
655410	A empresas públicas BIC GALICIA	50.000,00 €
	Total	2.725.280,00 €

Financiamento 2009

Orixe de fondos

Fondos Propios Incondicionados

FSE 2007-2013 1.62

Cofinanciación FSE 2007-2013 1.62

Memoria:

Financiación da actividade da participada C.E.E.I GALICIA S.A. (BIC GALICIA). A finalidade de BIC é apoiar o proceso emprendedor tanto con entrega de bens (guías de actividade, memofichas) como mediante prestacións de servizos (seminarios, formación, titorías).

As activades a realizar encádranse no Plan de actividades do Instituto Galego de Promoción Económica 2007-2009.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
Ano: 2009
FICHA DE PRESUPOSTO

Clasificación Orgánica:

Área: 01 Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial

Unidade: 01.02 Subdirección de Difusión Tecnolóxica e Plans Estratéxicos Empresariais

Denominación do proxecto:

Eixe: E4 - MELLORA DA COMPETITIVIDADE

Acción : E4/20/01 Prestación de servizos tecnolóxicos

Código proxecto:

99.2009.3

Prioridade:

1

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
6	COMPRAS E GASTOS POR NATUREZA.	150.000,00 €
62	SERVIZOS EXTERIORES.	150.000,00 €
623	Servizos de profesionais independentes e empresas consultoras.	150.000,00 €
6232	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
62320	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
623200	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
	Total	150.000,00 €

Financiamento 2009

Orixe de fondos
Fondos Propios Incondicionados
FSE 2007-2013 1.63
Cofinanciación FSE 2007-2013 1.63

Memoria:

Facilitar ferramentas de autodiagnóstico ás empresas así como instrumentos para traballar en rede a agrupacións de empresas e Organismos Intermedios.

Potenciar os sistemas de xestión da innovación e o coñecemento, os servizos de valor engadido na economía do coñecemento, a articulación en rede doutros operantes de servizos tecnolóxicos, a difusión da aplicación de novas tecnoloxías e de boas prácticas nestas materias.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Año: 2009

FICHA DE PRESUPOSTO

Clasificación Orgánica:

Área: 01 Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial

Unidade: 01.03 Subdirección de Información Especializada

Denominación do proxecto:

Eixe: E1 - EMPRENDEDORES

Acción : E1/30/02 Foro, Portal e redes emprendedoras

Código proxecto:

99.2009.2

Prioridade:

1

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
6	COMPRAS E GASTOS POR NATUREZA.	550.000,00 €
62	SERVIZOS EXTERIORES.	550.000,00 €
623	Servizos de profesionais independentes e empresas consultoras.	150.000,00 €
6232	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
62320	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
623200	Estudios e traballos técnicos	150.000,00 €
627	Publicidade, propaganda e relacións públicas.	400.000,00 €
6270	Publicidade e propaganda	50.000,00 €
62700	Publicidade e propaganda	50.000,00 €
627000	Publicidade e propaganda	50.000,00 €
6272	Reunións e conferencias	350.000,00 €
62720	Reunións e conferencias	350.000,00 €
627200	Reunións e conferencias	350.000,00 €
	Total	550.000,00 €

Financiamento 2009

Orixe de fondos
Fondos Propios Incondicionados
FSE 2007-2013 1.62
Cofinanciación FSE 2007-2013 1.62

Memoria:

Inclúense nesta acción actividades de asesoramento a proxectos emprendedores, promoción e difusión da cultura emprendedora tales como:

- 1.- Promoción dos Servizos de análise da viabilidade empresarial de proxectos emprendedores e de apoio á formación e á elaboración do plan de empresa ao, a través de servizos de consultaría e asesoramento prestados polo IGAPE xunto con Bic Galicia.
- 2.- Día Galego do Emprendedor. Acto incluído na campaña nacional "Emprendemos Juntos" no que trátase de difundir a toda a sociedade a necesidade social do emprendemento e de outorgar valor e recoñecemento social á figura do empresariado. Para a edición do ano 2009 prevése unha asistencia similar á do ano 2008: 2.230 persoas.
- 3.- Rede Estendida do Emprendedor. Preténdese nunha primeira etapa por en marcha unha parte privada que contemple un sistema de identificación, trazabilidade e seguimento dos proxectos emprendedores, así coma soporte de traballo en rede con outras entidades, e a continuación desenvolver a parte públicas cos servizos a emprendedores.
- 4.- Portal do emprendemento en Galicia. Nova actuación de creación dun sitio web onde queden plasmados os recursos postos a disposición dos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia e pódanse prestar servizos telemáticos a emprendedores. Evolución do Foro Galego do Emprendemento "www.emprenderengalicia.org". Espazo colaborativo de intercambio de opinións e acción entre as entidades que traballan na Comunidade Autónoma de Galicia na atención a emprendedores. Espazo para difusión da cultura emprendedora, eventos, informes, estatísticas, etc.

5.- Proxecto Twinning Marrocos. Acercar as redes por afinidades xeográficas e temáticas na rexión de Wilaya de L'Oriental en Marrocos. Transferencia de metodoloxía, Talleres, seminarios, programas e casos de éxito relacionados coa colaboración e difusión no eido do Emprendemento. Actuación encadrada no proxecto de hermanamento "Fortalecemento da capacidade da Wilaya de L'Oriental en materia de desenvolvemento económico integrado e duradeiro da rexión" dentro do Acordo de Asociación Marrocos-UE.

6.- Fomentar as redes de emprendedores, mentores, inversores "bussines angels", capital risco, sociedades de garantía recíproca, etc, con especial atención ás empresas de base tecnolóxica.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
Ano: 2009
FICHA DE PRESUPOSTO

Clasificación Orgánica:

Área: 01 Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial

Unidade: 01.03 Subdirección de Información Especializada

Denominación do proxecto:

Eixe: E6 - PROXECTOS IGAPE PROACTIVO

Acción : E6/20/03 Portelo multicanal de atención integral a proxectos empresariais

Código proxecto:

99.2009.4

Prioridade:

1

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
6	COMPRAS E GASTOS POR NATUREZA.	250.000,00 €
62	SERVIZOS EXTERIORES.	250.000,00 €
623	Servizos de profesionais independentes e empresas consultoras.	250.000,00 €
6232	Estudios e traballos técnicos	250.000,00 €
62320	Estudios e traballos técnicos	250.000,00 €
623200	Estudios e traballos técnicos	250.000,00 €
	Total	250.000,00 €

Financiamento 2009

Orixe de fondos

Fondos Propios Incondicionados

Memoria:

A potenciación de servizos como os PAITS (Puntos de asesoramento e inicio de tramitacións) da SLNE e SRL, a realización de experiencias piloto como a rede PI+D+I (Puntos de información de innovación e desenvolvemento) e a súa consolidación, aposta en funcionamento da Unidade de Promoción e Desenvolvemento Coordina Local, a relación cos emprendedores e empresarios por todos os medios, así como os servizos prestados dende o call center do Igape; a realización de todos estes servizos faise por distintos medios ou canles: presencial, telefónico, web, SMS, etc.. A integración de todos eles e imprescindible co fin de dar un servizo de calidade.

O Igape pretende ser un referente para emprendedores e empresarios na relación destes cas informacións e os tramites necesarios para a posta en práctica de proxectos empresariais na procura de unha maior eficacia e eficiencia .

O análise do entorno e a recopilación de datos que sirvan para avaliar a evolución dos programas e servizos que se poñen a dispor do tecido empresarial galego.

Persiguese difundir e promocionar estes servizos, actualizar os sistemas de traballo na procura dunha mellora continua, e dispoñer de información do entorno co fin de dar unha resposta máis integrada e de máis rápida e eficiente resposta.

O que se persigue é difundir e promocionar estes servizos, actualizar os sistemas de traballo e dispor de información do entorno que permita ás distintas unidades dar unha resposta máis integral, máis rápida e eficiente.

**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Año: 2009

FICHA DE PRESUPOSTO**Clasificación Orgánica:****Área:** 01 Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial**Unidade:** 01.03 Subdirección de Información Especializada**Denominación do proxecto:****Eixe:** E7 - ACTIVIDADE DE SOPORTE**Acción :** E7/20/01 Difusión e divulgación dos programas, servizos e actividades do Igape**Código proxecto:**

99.2009.23

Prioridade:

3

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
6	COMPRAS E GASTOS POR NATUREZA.	1.220.000,00 €
62	SERVIZOS EXTERIORES.	1.220.000,00 €
623	Servizos de profesionais independentes e empresas consultoras.	100.000,00 €
6232	Estudios e traballos técnicos	100.000,00 €
62320	Estudios e traballos técnicos	100.000,00 €
623200	Estudios e traballos técnicos	100.000,00 €
627	Publicidade, propaganda e relacións públicas.	1.120.000,00 €
6270	Publicidade e propaganda	900.000,00 €
62700	Publicidade e propaganda	900.000,00 €
627000	Publicidade e propaganda	900.000,00 €
6272	Reunións e conferencias	220.000,00 €
62720	Reunións e conferencias	220.000,00 €
627200	Reunións e conferencias	220.000,00 €
	Total	1.220.000,00 €

Financiamento 2009**Orixe de fondos**

Fondos Propios Incondicionados

Memoria:

A función de promover actuacións de divulgación en materia de contido económico entre os distintos sectores económicos, ten por obxectivo conseguir un achegamento personalizado da información ás necesidades das empresas en particular e dos distintos sectores de actividade en xeral .

Baixo estas accións de difusión, promóvense actuacións necesarias para contribuír coordinadamente a divulgar entre as empresas e emprendedores as convocatorias dos distintos programas, axudas e apoios das administracións públicas, que, en materia de promoción e dinamización da actividade económica, poidan resultar de interese para os distintos axentes e sectores económicos.

Para este obxectivo utilízanse todos os medios de difusión posibles prensa , radio , televisións, internet e accións directas dos responsables do Igape sobre o territorio e nas xornadas de información de feiras e congresos.

O dar a coñecer os servizos de información territorial e o servizo de atención telemática e vital para cumprir ditos obxetivos. Estes servizos están formados por equipos de técnicos que dán soporte directo a: empresarios, emprendedores, técnicos de xestión do Igape, rede extendida e rede de axentes locais coordinados pola UPD do Igape "Coordina Local", cubrindo as necesidades inmediatas de todos estes axentes territoriais.

**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Año: 2009

FICHA DE PRESUPOSTO**Clasificación Orgánica:****Área:** 01 Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial**Unidade:** 01.03 Subdirección de Información Especializada**Denominación do proxecto:****Eixe:** E7 - ACTIVIDADE DE SOPORTE**Acción :** E7/20/02 Publicacións**Código proxecto:**

99.2009.24

Prioridade:

3

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
6	COMPRAS E GASTOS POR NATUREZA.	250.000,00 €
62	SERVIZOS EXTERIORES.	250.000,00 €
623	Servizos de profesionais independentes e empresas consultoras.	120.000,00 €
6232	Estudios e traballos técnicos	120.000,00 €
62320	Estudios e traballos técnicos	120.000,00 €
623200	Estudios e traballos técnicos	120.000,00 €
629	Comunicacións e outros servizos.	130.000,00 €
6291	Prensa, revistas, libros e outras publicacións.	60.000,00 €
62910	Prensa, revistas, libros e outras publicacións.	60.000,00 €
629100	Prensa, revistas, libros e outras publicacións.	60.000,00 €
6298	Outras comunicacións	45.000,00 €
62980	Outras comunicacións	45.000,00 €
629800	Outras comunicacións	45.000,00 €
6299	Outros servizos.	25.000,00 €
62999	Outros servizos	25.000,00 €
629990	Outros servizos	25.000,00 €
	Total	250.000,00 €

Financiamento 2009**Orixe de fondos**

Fondos Propios Incondicionados

Memoria:

Divulgar e difundir os programas de axudas e servizos que ten o Igape así como dotar un fondo bibliográfico para que o empresario e demais axentes económico-sociais coñezan a fondo as realidades do entorno económico.

Os instrumentos clave para a consecución dos obxectivos relacionados son, por un lado, a elaboración de publicacións e producións editoriais que permite tanto a divulgación das actividades como todas aquelas informacións e estudos que promovan o desenvolvemento económico de Galicia, e por outro, a xestión dun fondo de documentación básico para a promoción económica.

Por estes motivos o Igape debe contar con unha boa base de publicacións propias, de colaboración con outros Organismos, e tamén de publicacións alleas para poñer en mans do interesado a mellor información posible en relación ás súas necesidades.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
Ano: 2009
FICHA DE PRESUPOSTO

Clasificación Orgánica:

Área: 01 Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial

Unidade: 01.04 Subdirección de Internacionalización

Denominación do proxecto:

Eixe: E3 - INTERNACIONALIZACIÓN

Acción : E3/10/01 Apoios á Internacionalización

Código proxecto:

99.2009.27

Prioridade:

3

Clasificación Económica:

Conta	Descrición	Importe
6	COMPRAS E GASTOS POR NATUREZA.	5.152.000,00 €
65	TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS.	5.152.000,00 €
651	Subvencións correntes.	5.152.000,00 €
6517	A empresas privadas	3.169.000,00 €
65170	A empresas privadas	3.169.000,00 €
651700	A empresas privadas	3.169.000,00 €
6518	A familias e institucións sen fin de lucro	1.983.000,00 €
65180	A familias e institucións sen fin de lucro	1.983.000,00 €
651800	A familias e institucións sen fin de lucro	1.983.000,00 €
	Total	5.152.000,00 €

Financiamento 2009

Orixe de fondos

Fondos Propios Incondicionados

Memoria:

-Xestión de listas de contratación e substitucións:

Obxectivos: Xestión das listas de contratación temporal e substitucións, incluíndo baremación, pagamento de taxas, publicación de listas, e incorporación do persoal chamado á nómina.

-Baremación de promoción interna e concursos de traslados:

Obxectivos: Xestión do proceso de promoción interna e concurso de traslados, incluíndo a baremación, a publicación de listas e a resolución do concurso coas súas correspondentes tomas e ceses de posesión.

-Xestión de expedientes, incluíndo os seguintes:

Recoñecemento de grao:

Obxectivos: Recoñecemento automático do grao do persoal funcionario baseándose na súa antigüidade, comunicación ó traballador e ó órgano competente, e inclusión dentro do expediente administrativo telemático do traballador.

Xubilacións:

Obxectivos: Xestión do proceso de xubilacións dos empregados públicos, xubilacións automáticas, peticións de prolongación de vida laboral, comunicacións ó traballador e inclusión dentro do expediente administrativo telemático do traballador

Excedencias:

Obxectivos: Xestión das solicitudes de excedencias, comunicacións ao traballador e inclusión dentro do expediente administrativo telemático do traballador.

- **004AA.- Novas funcionalidades no proxecto relativo ó Sistema de Información de NÓMINA** : Ó longo do exercicio levaranse a cabo as seguintes actuacións neste proxecto:

-Integración nómina en Breixo.

Obxectivos: Traspaso de todos ós programas, datos e procedementos dende a aplicación de Nómina á nova aplicación Breixo, onde quedarán integrados co resto de datos do persoal provenientes de Función Pública, así como co expediente administrativo telemático do empregado público.

-Afiliação á Seguridade Social.

Obxectivos: Afiliação automática de forma telemática de todo o persoal da Xunta á Seguridade Social, e comunicación de altas e baixas previas á inclusión en Nómina.

-Integración das RPT en Nómina.

Obxectivos: Integración da información sobre RPTS e Equipos|persoais de persoal dentro de Nómina.

-Unificación de todas as aplicacións de Nómina (Xunta, Entes, Centros Concertados)

Obxectivos: Unificar nunha única aplicación e base de datos, todas as aplicacións existentes actualmente de Nóminas, mantendo de forma centralizada a información sobre o persoal dos distintos organismos da Xunta.

-Estimación automática do gasto anual.

Obxectivos: Elaboración automática de estimacións do gasto de persoal por aplicacións presupostarlas, posible incorporación de datos do Sergas si se quere incluír a dita consellería na estimación automática.

- **005AA.- Novas utilidades na Area de Microinformática.**

A través do interface “cliente Cixtec” proporciónase ós usuarios das distintas aplicacións que oferta a Consellería, o acceso ás ferramentas que teñan autorizadas. Para o exercicio 2009 preténdese conseguir a universalidade funcional, proxectando un cliente web que poida utilizarse desde calquera navegador e sobre calquera plataforma.

- **006AA.- Desenvolvemento de novos módulos na área de Internet**

Preténdese levar a cabo novas funcionalidades as aplicacións web existentes na actualidade na Consellería, así como o desenvolvemento de novos módulos que permitan os accesos ás aplicacións dispoñibles de forma áxil e segura.

Como resumo dos investimentos que comprenden o primeiro obxectivo operativo (Obxectivo AA), detállanse a continuación co seu código identificativo e descrición, así como o importe presupostado para o exercicio 2009.

Código	Investimento	Importe (miles €)	(1)
001AA	Novas funcións. Xestión Tributaria (Xeito)	1.465	Si
002AA	Novas Funcionalidades XUMCO	1.404	Si
003AA	Sistema Información Recursos Humanos	1.250	Si
004AA	Sistemas de información de Nómina	1.413	Si
005AA	Novos Módulos na área de Microinformática	184	Non
	Novos módulos na área de internet		
006AA	TOTAL	214	Si
		5.930	

(1) A actuación está integrada nun plan de eido superior. Máis adiante establécense os importes de cada unha das actuacións que se inclúen en cada un dos plans sectoriais.

O segundo bloque de obxectivos operativos (Obxectivo AB) comprende, tal como se expuxo anteriormente, os seguintes proxectos:

- **001AB.-Implementación dun Xestor de Expedientes de Contratación.**

Este Sistema está encadrado dentro da política de Fomento da Administración electrónica que permitirá unha tramitación máis áxil ó tempo que un aforro de medios materias. Suporá, polo tanto, un incremento da capacidade de xestión e de control, reducindo os tempos de tramitación.

- **002AB.-Carpeta Electrónica do cidadán.**

Este proxecto constitúe unha novidade non só desde o punto de vista da inversión senón tamén da súa financiamento, pois por vez primeira empregaremos Fondos FEDER. Esta carpeta recolle un conxunto de aplicacións electrónicas que se proxectan ó cidadán, permitindo unha relación máis áxil e dinámica dos cidadáns coa Administración a través de internet. Poderase acceder a toda a información que a Consellería de Economía e Facenda dispón de cada unha das persoas físicas ou xurídicas con todas as garantías de seguridade, facendo obrigatorio o uso do certificado dixital. Dende este portal poderase así mesmo acceder de maneira centralizada a todos os trámites e consultas de expedientes, tales como xestión e situación tributaria, contable, certificados de débedas, retribucións e axudas e subvencións, entre outros

- **003AB.-A Licitación Electrónica.**

Creación dunha funcionalidade que permita adaptar o sistema de contratación pública, ós novos requirimentos establecidos pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- **004AB.-Soporte informático para a elaboración da Enquisa de Poboación Activa.**

De acordo cos obxectivos xerais do Ente de dar servizo e apoio informático non só á Consellería de Economía e Facenda senón tamén ós organismos que dependan dela, o Cixtec acometerá a adquisición e mantemento dos sistemas informáticos así como dos medios materiais necesarios para levar a cabo a partires deste exercicio a E.P.A.

- **005AB.-Infraestrutura da Enquisa de Condicións de Vida.**

Recursos necesarios para a realización da enquisa de condicións de vida.

- **006AB.-Adquisición de inmovilizados materiais e inmateriais para o cumprimento dos fins do Centro.**

Como resumo dos investimentos que comprenden o segundo obxectivo operativo (Obxectivo AB), detállanse a continuación co seu código identificativo e descrición, así como o importe presupostado para o exercicio 2009.

Código	Investimento	Importe (miles €)	(1)
001AB	Xestor de Expedientes de Contratación	235	Si
002AB	Carpeta Electrónica do Cidadán	665	Si
003AB	Licitación Electrónica	210	Si
004AB	Infraestrutura Informática EPA	317	Si
005AB	Enquisa de condicións de Vida	120	Si
006AB	Adquisición de Inmovilizados	1.224	Non
TOTAL		2.771	

(1) A actuación está integrada nun plan de eido superior. Máis adiante establécense os importes de cada unha das actuacións que se inclúen en cada un dos plans sectoriais.

Os Plans de eido superior (Plans sectoriais), nos que se encadran os investimentos do Cixtec para o ano 2009 son, cos seus importes, os seguintes (en miles €):

PLANS SECTORIAIS	ORZAMENTO 2009
10-Plan E-Administración	5.443
Carpeta Electrónica do cidadán	665
Licitación Electrónica	210
Xestor de Expedientes de Contratación	235
Internet	214
Xeito	1.465
Xumco	1.404
Recursos Humanos 2ª Fase	1.250
85-Sistema de Información para Recursos Humanos	1.413
Nómina	1.413
TOTAL PLANS	6.856

PLANS SECTORIAIS	INDICADORES	UNIDAD	VALOR FINAL
10-Plan E-Administración			
	Documentos rexistrados por Internet	Nº	450.000
	Reducción tempo medio tramitación	DIAS	30
85-Sistema de Información para Recursos Humanos			
	Nº Procedementos Telemáticos	Nº	500.000

5. FINANCIAMENTO

Indícanse a continuación as contías dos recursos previstos para atender ó programa de investimentos e, se fóse o caso, as demais aplicacións de fondos plurianuais considerados, así como as subvencións destinadas a necesidades de explotación, sinalando a identidade dos concedentes.

Código	Actuación	Importe (miles €)	Financiamento
001XA	Comunicacións	925	Subv. Explotación
002XA	Mantementos Aplicacións	398	Subv. Explotación
003XA	Servizos Informáticos prestados ó Cixtec.	156	Subv. Explotación
004XA	Outros Servizos Exteriores	927	Subv. Explotación
005XA	Gastos de Persoal	5.268	Subv. Explotación
	TOTAL	7.674	

Como xa se sinalou anteriormente, o presuposto do Cixtec para atender gastos correntes e de persoal, financiarase exclusivamente con **subvencións da Xunta de Galicia** (Subvención de Explotación).

Código	Investimento	Importe (miles €)	Financiamento
001AA	Novas funcións. Xestión Tributaria (Xeito)	1.465	Subv. Capital
002AA	Novas Funcionalidades XUMCO	1.404	Subv. Capital
003AA	Sistema Información Recursos Humanos	1.250	Subv. Capital
004AA	Sistemas de información de Nómina	1.413	Subv. Capital
005AA	Novos Módulos na área de Microinformática	184	Subv. Capital
006AA	Novos módulos na área de internet	214	Subv. Capital
	TOTAL	5.930	

Código	Investimento	Importe (miles €)	Financiamento
001AB	Xestor de Expedientes de Contratación	235	Subv. Capital
002AB	Carpeta Electrónica do Cidadán	665	FEDER(80%)+Sbv.Cap(20%)
003AB	Licitación Electrónica	210	FEDER(80%)+Sbv.Cap(20%)
004AB	Infraestrutura Informática EPA	317	Subv. Capital
005AB	Enquisa de condicións de Vida	120	Subv. Capital
006AB	Adquisición de Inmobilizados	1.224	Subv. Capital
<hr/>			
	TOTAL	2.771	

Así pois o presuposto do Cixtec en materia de investimentos finánciase por una parte con **Subvencións de Capital da Xunta de Galicia** e, por outra, con recursos procedentes dos **Fondos Europeos (FEDER)**.

6. CONDICIONANTES E OUTROS FACTORES DE INCIDENCIA NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA.

Gastos de Persoal:

Os orzamentos de persoal están calculados tomando a porcentaxe de incremento establecida para o ano 2009, e aplicándolle as actualizacións correspondentes ás pagas extras e as consolidacións do exercicio 2008 para o persoal laboral. Os gastos correspondentes ó persoal do Cixtec recóllense na táboa EP.12B.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009. PAIF 2009-2011		FICHA COD EP.12A			
ENTIDADE: CIXTEC					
PERSONAL	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2007	2008	2009	2010	2011
NÚMERO DE EMPREGADOS (Cifra media do exercicio)	101	106	110	0	0
1. ALTA DIRECCIÓN	1	1	1		
2. PERSONAL FIXO	88	94	103		
3. PERSONAL EVENTUAL					
3.1 INTERINO	12	11	6		
3.2 OBRA OU SERVIZO					
3.3 ACUMULACIÓN DE TAREFAS					
NÚMERO DE EMPREGADOS (Cifra final do exercicio)	104	106	111	0	0
1. ALTA DIRECCIÓN	1	1	1		
2. PERSONAL FIXO	89	98	108		
3. PERSONAL EVENTUAL					
3.1 INTERINO	14	7	2		
3.2 OBRA OU SERVIZO					
3.3 ACUMULACIÓN DE TAREFAS					

Servizos Exteriores:

As contas que superan o 20% do total do gasto da conta de Servizos Exteriores son as que se detallan a continuación:

Código	Total Gasto	Importe (miles €)
001XA	Comunicacións	925

Subvencións Concedida Pola empresa

Este Centro non concede subvención de ningún tipo .

Subvencións a Explotación

Consonte ó Capitulo V do Título III da LRFOG, a Xunta de Galicia, libra o orzamento do Cixtec ó través de Subvencións de Explotación e de Capital. A estes efectos, a subvención de Explotación corresponderase co orzamento de Gastos Correntes e o de Gastos de Persoal. A continuación detállanse os importes de ditos gastos, que se corresponden cos previstos nas fichas EP04 e EP13

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.		FICHA COD	
RECURSOS FINANXEIROS OBTIDOS DE OUTROS ENTES PÚBLICOS		EP. 13	
ENTIDADE: CIXTEC			
	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2007	ESTIMADO 2008	PREVISIÓN 2009
Subvencións correntes recibidas	6874	7413	7674
do Estado			
da Comunidade Autónoma	6874	7413	7674
da Unión Europea			

Adquisición de Inmobilizado Financeiro.

Non se prevé a adquisición de inmobilizado financeiro.

Aportacións Patrimoniais

Non se prevén aportacións patrimoniais

Financiamento alleo a Longo Prazo

Non se prevé ningún tipo de financiamento alleo a longo prazo

Subvencións de Capital

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.		FICHA COD	
RECURSOS FINANZEIROS OBTIDOS DE OUTROS ENTES		EP. 13	
ENTIDADE: CIXTEC			
(En miles de euros sen decimais)			
	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2007	2008	2009
Subvencións de capital recibidas	5.849	7.388	8.701
do Estado			
da Comunidade Autónoma	5.849	7.388	8.001
da Unión Europea			700

Remanente de Tesourería

CONCEPTOS	Ejercicio anterior al presupuestado (año 2008)	Ejercicio presupuestado (año 2009)
	(En miles de euros sin decimales)	
1. (+) Derechos pendientes de cobro	1.188	1.352
- (+) del Presupuesto corriente	1.188	1.352
- (+) de Presupuestos cerrados		
- (+) de operaciones no presupuestarias		
- (+) de operaciones comerciales		
- (-) de dudoso cobro		
- (-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva		
2. (-) Obligaciones pendientes de pago	2.061	2.182
- (+) del Presupuesto corriente	2.040	2.160
- (+) de Presupuestos cerrados		
- (+) de operaciones no presupuestarias (Intereses c/c)	21	22
- (+) de operaciones comerciales		
- (-) pagos realizados pendientes de aplicación definitiva		
3. (+) Fondos liquidos	1.139	950
I. Remanente de Tesorería afectado	0	0
II. Remanente de Tesorería no afectado		
III. Remanente de Tesorería total (1 - 2 + 3) = (I + II)	266	120

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

CIXTEC

PXCP Orde de 28 de novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS GASTOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
71	1. Reducción de existencias de productos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aprovisionamentos	0	0	0
600,(608),(609),610	a. Consumo de mercadorías			
601,602,(608),(609),611,612	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
607	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	15.718	18.798	22.632
	a. Gastos de persoal	4.551	4.950	5.268
640,641	a.1) Soldos e Salarios	3.450	3.731	3.950
642,644	a.2) Cargas sociais	1.101	1.219	1.317
645	b. Prestacións sociais			
68	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	4.751	5.850	7.600
	c.1 de inmovilizado inmaterial	3.802	4.900	6.500
	c.2 de inmovilizado material	949	950	1.100
	d. Variacións das provisións de tráfico	0	0	0
693,(793)	d.1 Variacións das provisións de existencias			
675,694,(794)	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables			
	e. Outros gastos de xestión	6.417	7.998	9.764
62	e.1 Servicios exteriores	6.416	7.998	9.764
63	e.2. Tributos	0	0	0
676	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados	0	0	0
661,662,663,665,669	f.1 Por débedas			
666,667	f.2 Perdas de investimentos financeiros			
696,698,699,(796),(798),(799)	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
668	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	0	0	0
650	a. Transferencias correntes			
651	b. Subvencións correntes			
655	c. Transferencias de capital			
656	d. Subvencións de capital			
	5. Perdas e gastos extraordinarios	7	4	5
670,671	a. Perdas procedentes do inmovilizado	0	3	2
674	b. Perdas por operacións de endebedamento	0	0	0
678	c. Gastos extraordinarios	2	0	1
679	d. Gastos e perdas doutros exercicios	5	0	2
	TOTAL GASTOS	15.726	18.802	22.637
	AFORRO	1.210	1.757	1.097

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

CIXTEC

PXCP Orde de 28 de novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	1. Ventas e prestacións de servizos	0	0	0
700,701,702,703,705	a. Ventas			
705,741,743	b. Prestacións de servizos			
(708),(709)	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
71	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	4.150	5.758	7.358
72,73,740,743,744	a. Ingresos tributarios	1	1	1
773	b. Reintegros			
78	c. Traballos realizados pola entidade	4.150	5.757	7.357
	d. Outros ingresos de xestión	0	0	0
775,776,777	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente			
790	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos			
760	e. Ingresos de participacións en capital			
761,762	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
	g. Outros xuros e ingresos asimilados	0	0	0
763,765,769	g.1 Outros xuros			
766	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
768	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	12.723	14.801	16.376
750	a. Transferencias correntes			
751	b. Subvencións correntes	6.874	7.413	7.674
755	c. Transferencias de capital			
756	d. Subvencións de capital	5.849	7.388	8.701
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	62	0	0
770,771	a. Beneficios precedentes do inmovilizado	53	0	0
774	b. Beneficios por operacións de endebedamento	0	0	0
778	c. Ingresos extraordinarios	1	0	0
779	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios	9	0	0
	TOTAL INGRESOS	16.936	20.559	23.734
	DESAFORRO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
CIXTEC			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2007	ESTIMADO 2008	ORZAMENTO 2009
1. Recursos aplicados nas operacións	10.969	12.948	15.033
a. redución de existencias de produtos terminados e en curso			
b. aprovisionamentos	133	167	190
c. servizos exteriores	6.283	7.831	9.574
d. tributos	0	0	0
e. gastos de persoal	4.551	4.950	5.268
f. prestacións sociais			
g. transferencias e subvencións			
h. gastos financeiros			
i. outras perdas de xestión correntes e gastos excepcionais	2	0	1
j. dotación provisións de activos circulantes			
2. Pagos pendentes de aplicación			
3. Gastos de formalización de débedas			
4. Adquisicións de inmovilizado:	5.917	7.296	8.701
a. Destinado ao uso xeral			
b. Inmovilizacións inmateriais	4.808	6.534	8.201
c. Inmovilizacións materiais	1.109	762	500
d. Inmovilizacións financeiras			
5. Diminucións directas de patrimonio	393	710	145
a. En adscrición			
b. En cesión			
c. Entregado ao uso xeral	393	710	145
6. Cancelación ou traspaso a CP de débedas a LP	0	0	0
a. Empréstitos e pasivos análogos			
b. Por préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
7. Provisións para riscos e gastos			
TOTAL APLICACIÓNS	17.279	20.954	23.879
EXCESO DE ORIXES SOBRE APLICACIÓNS (AUMENTO DE CAPITAL CIRCULANTE)			
1. Recursos procedentes das operacións	11.034	13.171	15.032
a. Ventas			
b. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso			
c. Taxas, prezos públicos e contribucións especiais	1	1	1
d. Transferencias e subvencións correntes	6.874	7.413	7.674
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	6.874	7.413	7.674
iii. Da UE			
e. Ingresos financeiros			
f. Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepcionais	4.159	5.757	7.357
g. Provisións aplicadas de activos circulantes			
2. Cobros pendentes de aplicación			
3. Incrementos directos de patrimonio	0	0	0
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma			
iii. Da UE			
4. Transferencias e subvencións de capital	5.849	7.388	8.701
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	5.849	7.388	8.001
iii. Da UE			700
5. Débedas a longo prazo	0	0	0
a. Empréstitos e outros pasivos análogos			
b. Préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
6. Alleamento de inmovilizado	0	0	0
a. Destinados ao uso xeral			
b. Inmovilizacións inmateriais			
c. Inmovilizacións materiais			
d. Inmovilizacións financeiras			
7. Cancelación ou traspaso a CP de inmovilizacións financeiras			
TOTAL ORIXES	16.883	20.559	23.734
EXCESO DE APLICACIÓNS SOBRE ORIXES (DIMINUCIÓN DE CAPITAL CIRCULANTE)	396	395	145

VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE

aumentos(+) / diminucións (-)

1. Existencias	0	-4	-2
2. Debedores	-878	-933	165
a. orzamentarios	-878	-933	165
b. non orzamentarios			
c. por administración de recursos doutros entes			
3. Acredores	-1.049	1.399	-120
a. orzamentarios	-1.046	1.413	-100
b. non orzamentarios			
c. por administración de recursos doutros entes	-4	-15	-20
4. Investimentos financeiros temporais	-3	-5	0
5. Empréstitos e outras débedas a curto prazo	0	0	0
a. empréstitos e outras emisións			
b. préstamos recibidos e outros conceptos			
6. Outras contas non bancarias			
7. Tesourería	1.521	-841	-189
a. Caixa			
b. Bancos	1.521	-841	-189
8. Axustes por periodificación	12	-11	2
Total Variación do Capital Circulante	-396	-395	-145

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.

CIXTEC

PXCP Orde de 28 de novembro de 2001	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	A) Inmobiliado	17.886	19.380	20.481
	I. Invetimentos destinados ao uso xeral	0	0	0
200	1. Terreos e bens naturais			
201	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral			
208	3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural			
	II. Inmovilizaci3ns inmateriais	12.344	14.026	15.728
210	1. Gastos de Investigaci3n e desenvolvemento	25.162	30.920	38.277
212	2. Propiedade industrial	11	11	11
215	3. Aplicaci3ns informáticas	2.761	3.538	4.262
216	4. Propiedade intelectual			
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro			
219	6. Inmobiliado inmaterial	268	316	436
(281)	7. Amortizaci3ns	-15.858	-20.758	-27.258
	III. Inmovilizaci3ns materiais	5.542	5.354	4.754
220,221	1. Terreos e construcci3ns	3.755	3.757	3.757
223	2. Instalaci3ns Técnicas e Maquinaria	634	715	775
226	3. Mobiliario	326	388	483
227,228,229	4. Outro inmobiliado	9.389	10.006	10.351
(282)	5. Amortizaci3ns	-8.562	-9.512	-10.612
23	IV. Invetimentos xestionados			
	V. Inmovilizaci3ns financieras	0	0	0
250,251,256	1. Carteira de valores a longo prazo			
252,253,257	2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo			
260,265	3. Dep3sitos e fianzas constituídos a LP			
(297)	4. Provisi3ns			
27	B) Gastos a distribuir en varios exercicios			
	C) Activo circulante	4.148	2.356	2.332
	I. Existencias	23	20	18
30	1. Comerciais			
31,32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos	23	20	18
33,34	3. Productos en curso e semiterminados			
35	4. Productos terminados			
36	4. Subproductos, residuos e materiais recuperados			
(39)	6. Provisi3ns			
	II. Debedores	2.121	1.188	1.352
43	1. Debedores orzamentarios	2.121	1.188	1.352
44	2. Debedores non orzamentarios			
45	3. Debedores por administraci3n de recursos por conta doutros entes p3blicos			
470,471,472	4. Administraci3ns p3blicas			
550,555,558	5. Debedores varios			
(490)	6. Provisi3ns			
	III. Invetimentos financeiros temporais	7	4	5
540,541,546,(549)	1. Carteira de valores a curto prazo			
542,543,544,545,547,548	2. Outros invetimentos e créditos curto prazo	7	4	5
565,566	3. Fianzas e dep3sitos constituídos a curto prazo			
(597),(598)	4. Provisi3ns			
57	IV. Tesourería	1.980	1.139	950
480,58	V. Axustes por periodificaci3n	17	7	8
	TOTAL XERAL (A + B + C) ...	22.034	21.737	22.814

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
CIXTEC

PXCP Orde de 28 de novem de 2001	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	A) Fondos propios	18.575	19.676	20.632
	I. Patrimonio	17.365	17.919	19.535
100	1. Patrimonio	14.353	14.960	16.629
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	3.013	2.960	2.907
103	3. Patrimonio recibido en cesión			
(107),	4. Patrimonio entregado en adscrición			
(108),	5. Patrimonio entregado en cesión			
(109),	6. Patrimonio entregado ao uso xeral			
11	II. Reservas			
	III. Resultados de exercicios anteriores	0	0	0
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores			
(121),	2. Resultados negativos de exercicios anteriores			
129	IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)	1.210	1.757	1.097
14	B) Provisións para riscos e gastos	1	0	0
	C) Acredores a longo prazo	0	0	0
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables	0	0	0
150	1. Obrigacións e bonos			
155	2. Débedas representadas en valores negociables			
156	3. Xuros de obrigas e outros valores			
158,159	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Outras débedas a longo prazo	0	0	0
170,176	1. Débedas con entidades de crédito			
171,173,177	2. Outras débedas			
178,179	3. Débedas en moeda estranxeira			
180,185	4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo			
259	III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos			
	D) Acredores a curto prazo	3.458	2.061	2.182
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables	0	0	0
500	1. Obrigacións e bonos a curto prazo			
505	2. Débedas representadas noutros valores negociables			
506	3. Xuros de obrigacións e outros valores			
508,509	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Débedas con entidades de crédito	0	0	0
520	1. Préstamos e outras débedas			
526	2. Débedas por xuros			
	III. Acredores	3.458	2.061	2.182
40	1. Acredores orzamentarios	3.213	1.800	1.900
41	2. Acredores non orzamentarios			
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
475,476,477	4. Administracións Públicas	225	240	260
521,523,5273528,529	5. Outros acredores			
550,554,559	6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo	19	21	22
560,561	IV. Axustes por periodificación			
485,585				
	TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...	22.034	21.737	22.814

Portos de Galicia

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009. PAIF 2009-2011	FICHA CÓD. EP.08
ENTIDADE: ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA	
MEMORIA DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO	
<p data-bbox="300 432 1212 459" style="text-align: center;">PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO EXTRATÉXICO.</p> <p data-bbox="201 495 1396 795">Un porto non é un fin en si mesmo. A súa función primordial é atender o tecido produtivo e social que o rodea, poñendo a súa disposición un conxunto de infraestruturas e servizos que permitan que o tránsito de mercancías e pasaxeiros, que ten lugar a través das súas instalacións, se realice do modo máis rápido seguro e económico posible. En outras palabras, dunha maneira eficiente. Só así poderemos contribuír á mellora das condicións competitivas das nosas empresas, favorecendo o desenvolvemento das súas operacións de exportación/importación, e, en definitiva, o tratamento loxístico das súas mercancías. Doutra parte, desde o punto de vista dos pasaxeiros, este incremento na eficiencia portuaria se reflicte nunha mellora das condicións de accesibilidade marítima ao territorio, aspecto que resulta especialmente importante en rexións insulares e extra peninsulares.</p> <p data-bbox="201 831 1396 1108">É neste escenario onde deben enmarcharse a política de investimentos do sistema portuario. Unha política que debe buscar unha continua mellora na calidade do servizo que presta aos seus usuarios que debe basearse nun acompañamento harmónico entre a xeración de nova infraestrutura e a evolución previsible da demanda, aspecto este último que debe valorarse desde dous puntos de vista: o crecemento en volume (medido en termos de número total de toneladas ou pasaxeiros) e os desenvolvementos tecnolóxicos (aumento do tamaño dos buques, novos criterios de operativa portuaria). Todo iso cun enfoque de máximo respecto medioambiental, tanto no que se refire ao propio desenvolvemento de infraestruturas, como á posterior operativa ou posta en explotación das mesmas.</p> <p data-bbox="201 1144 1396 1294">O desenvolvemento dos nosos investimentos, conforme aos criterios antes mencionados, non debe configurarse como un listado de actuacións independentes entre si, onde cada unha delas lévase a cabo de forma illada. Moi ao contrario, as mesmas deben enmarcharse dentro dun sistema xeral de planificación que dote dunha coherencia global ao conxunto das nosas actuacións.</p> <p data-bbox="300 1330 778 1357" style="text-align: center;">ENTE PUBLICO PORTOS DE GALICIA</p> <p data-bbox="201 1393 1396 1552">Despois de que nos últimos anos o Ente Público Portos de Galicia centrara tódolos seus esforzos na construción das infraestruturas portuarias nos portos da súa competencia fundamentalmente debido á falta de adecuación dos mesmos a un sector portuario moderno, a partir de 2007 deuse un xiro para abordar novas liñas de actuación encamiñadas á consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e cunha economía máis competitiva.</p> <p data-bbox="201 1588 1396 1776">Por iso sen abandonar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, reorientou as súas estratexias de crecemento, aumentando a capacidade competitiva a través do aumento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais, do uso selectivo dos investimentos, así como da implantación de novas tecnoloxías e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible.</p> <p data-bbox="201 1812 1396 2000">O obxectivo fundamental desta nova forma de actuación é a coordinación do sistema portuario galego para responder ás políticas internacionais de fomento de intermodalidade no transporte, autopistas do mar e transporte marítimo de curta distancia facilitando, ademais, a relación dos clientes coa administración portuaria e a mellora e modernización dos servizos portuarios prestados nos nosos portos e a súa adecuación ás normas de seguridade e prevención e respectando a calidade medioambiental do entorno onde se ubican.</p>	

Poderíamos definir desta maneira que a misión do Ente Público Portos de Galicia é desenvolver-lo sistema portuario galego como foco do transporte marítimo mundial, fortalecendo o desenvolvemento económico e loxístico e contribuíndo á ordenación territorial de Galicia de maneira sostible.

Este escenario fai que se xeneren catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sostibilidade, eficiencia e I+D+i.

O punto en común das catro sería o que denominamos ecoeficiencia, é dicir, crear máis valor con menos impacto que se reflectiría en reduci-lo consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural, incrementa-los produtos e/ou servizos de valor e a implantación dun sistema de xestión medioambiental.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendido como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase en:

- Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co lecer e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.
- Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
- Coordinación dos sistema portuario galego para o fomento da intermodalidade no desenvolvemento do transporte marítimo de curta distancia e das autopistas do mar.
- A transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercancías e pesca en plataforma intermodal que posibilite o emprazamento de novos procesos que permitan aumenta-lo valor engadido das mercancías e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.
- Favorece-la interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun entorno compatible coa actividade cívica.

Dentro la liña estratéxica de sostibilidade, actuarase en:

- Estimula-la mellora continua do medio ambiente portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar, a través da comunicación deste proceso, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegura-lo máximo respecto ao medio ambiente no desenvolvemento das actividades portuarias.
- Ser capaces de interpretar e adecuar a influencia do cambio climático nos condicionantes de deseño das infraestruturas portuarias para a súa adecuación ás novas condicións de mareas, oleaxes...
- Adoptar medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental.
- Incrementa-la conciencia de seguridade, tanto desde o punto da prevención de riscos laborais como a seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Estimula-la creatividade na realización dos procesos.
- Fomenta-la comunicación entre a Administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...).
- Mellora na modernización dos servizos prestados nos portos.
- Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.

Dentro da liña estratéxica de I+D+i, actuarase en:

- Avanzar nunha mellora substancial da xestión do sistema portuario, coa xeración de coñecemento e crear un clima favorable para a innovación en materias vinculadas á economía, loxística, enxeñería e outras actividades relacionadas cos portos.
- Implantación de novas tecnoloxías que faciliten ao máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria.

Como consecuencia destes eixos búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, que permita desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se desenvolva unha relativa especialización dos mesmos, adecuándoos á rede xeral do sistema de transporte.

Neste sentido, dos claros exemplos de planificación conxunta son a elaboración do Plan Director de Portos Deportivos ou o desenvolvemento da Implantación dunha Rede de Plataformas Loxísticas en Galicia. O primeiro deles permitirá dotar á costa galega de infraestruturas para a náutica do recreo que permita un reequilibrio territorial da oferta, potenciando os sectores turísticos, naval e náutico e dando á súa tramitación unha axilidade e seguridade xurídica nas actuacións. A implantación das redes loxísticas.

O Plan Director de Portos Deportivos supón o primeiro instrumento de planificación destas características en Galicia. O seu principal obxectivo é dotar á costa galega de infraestruturas para a náutica de recreo que posibilitan novas oportunidades económicas para as vilas do litoral. Céntranse en catro tipos de actuación: reordenación dos espazos portuarios aproveitando ao máximo os espazos protexidos, a ampliación das instalacións portuarias existentes a creación de polígonos de fondeos e ordenación dos existentes e o establecemento de mariñas secas. Estrutúrase nun período a 2010, 2015 e 2020, dotando dunha oferta de 32.000 amarres a final do período da análise e un investimento provisto de 400 millóns de euros ata 2015, tanto público como privado.

En Galicia existen actualmente arredor de tres millóns de metros cadrados de solo loxístico en funcionamento. Co Plan de Plataformas Loxísticas de Galicia prevese chegar aos 10 millóns en 2015. Os plans deseñados apunta a que o territorio autonómico dividírase en cinco áreas que acollerán distintas tipoloxías de plataformas e que coinciden coas zonas de maior actividade loxísticas: A Coruña-Ferrol (vinculada os seus respectivos portos), Vigo-Pontevedra (tamén vinculada aos portos de Vigo e Marín e estendendo a súa influencia ata Vilagarcía), Santiago, Lugo-Begonte e Ourense-Monforte de Lemos. Ademais, os estudos detectan necesidades para outros centros que nos nudos de comunicación onde Portos de Galicia ten unha importante presenza como Viveiro e Ribadeo, o Vilalba, Lalín ou Verín, entre outros.

Para o cal é preciso realizar unha modificación da lexislación actual que permita adecuar estes obxectivos á realidade dos portos galegos nun marco que coordine as necesidades dos clientes dos nosos portos para lograr un desenvolvemento sostible combinando eficacia ambiental e xestión económica. Desta maneira poderase favorecer as características singulares dos portos do litoral galego e a súa integración nas redes loxísticas intermodais.

ACTUACIÓNS DE PORTOS DE GALICIA.

Na liña anterior e coa finalidade de desenvolver estes eixos de actuación, Portos de Galicia está desenvolvendo un plan de investimentos que abarca os seguintes programas:

OBXECTIVOS:

ESTRATÉXICOS:

- A. Reforzar as políticas que melloren as infraestruturas produtivas.
- B. Fomentar políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.
- C. Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na sociedade da información e do coñecemento.

- D. Impulsar as políticas que melloren a protección do ambiente así como aquelas que faciliten un desenvolvemento territorial equilibrado.
- E. Aumentar o grao de eficacia e eficiencia do gasto público.

OPERATIVOS:

- AA.- Mellora das condicións xerais das infraestruturas para o desenvolvemento de operacións e actividades portuarias.
- AB.- Mellora das condicións de desenvolvemento das actividades portuarias comerciais e de transporte marítimo.
- BA.- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das actividades pesqueiras e de acuicultura.
- CA.- Implantación de novas tecnoloxías e I+D+i.
- DA.- Incremento do atractivo do litoral galego e relación porto - cidade)
- DB.- Desenvolvemento da náutica recreativa galega
- DC.- Desenvolvemento sostible das instalacións e actividades portuarias.
- EA.- Mellora e mantemento integral das instalacións portuarias.
- EB.- Mellora da xestión organizativa e da seguridade das actividades e servizos portuarios.

CADRO RESUMO DE OBXECTIVOS:

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	OBXECTIVO OPERATIVO
A.-Reforzar as políticas que melloren as infraestruturas produtivas	AA.- Mellora das condicións xerais das infraestruturas para o desenvolvemento de operacións e actividades portuarias. AB.- Mellora das condicións de desenvolvemento das actividades portuarias comerciais e de transporte marítimo.
B.- Fomentar políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da nosa economía	BA.- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das actividades pesqueiras e de acuicultura.
C.- Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na sociedade da información e do coñecemento	CA.- Implantación de novas tecnoloxías e I+D+i.
D.- Impulsar as políticas que melloren a protección do ambiente así como aquelas que faciliten un desenvolvemento territorial equilibrado	DA.- Incremento do atractivo do litoral galego e relacións porto – cidade. DB.- Desenvolvemento da náutica recreativa galega DC.- Desenvolvemento sostible das instalacións e actividades portuarias.
E.- Aumentar o grao de eficacia e eficiencia do gasto público.	EA.- Mellora e mantemento integral das instalacións portuarias. EB.- Mellora da xestión organizativa e da seguridade das actividades e servizos portuarios.

PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS 2009

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

1.- INGRESOS:

Para elaborar a previsión dos ingresos correntes para o exercicio 2009, tense en conta non so as previsións feitas para o exercicio 2008 senón tamén os resultados reais do exercicio 2007, xa que a facturación o peche do ano 2007 superou nun 17% as previsións realizadas, así como a previsións de peche do exercicio 2008 que tamén dan a entender unha considerable variación. Polo tanto, para o cálculo das previsións do exercicio 2009 é necesario ter en conta ditos valores para corrixir as diferenzas acumuladas.

Vendas e Prestación de servizos: Dentro deste importe atópanse os ingresos de natureza pública, polas liquidacións das taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario. Estes ingresos intégranse dentro do patrimonio do Ente Público Portos de Galicia. Os importes previstos para os ingresos desta natureza, xunto con outros ingresos de explotación, son os seguintes:

Concepto	Previsión 2009
1.1 Actividade comercial	2.848.000 €
1.2 Actividade pesqueira	5.200.000 €
1.3 Actividade deportiva e de lecer	1.500.000 €
1.4 Servizos e subministros diversos	2.226.000 €
1.5 ACIS Actividades comerciais e industriais	580.000 €
1.6 Dominio público (Cánones concesións)	1.585.000 €
TOTAL INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS	13.939.000 €

1.1.- Polo que se refire a actividade comercial e de mercadorías, ás Tarifas X1, X-2 na entrada e atraque dos buques mercantes considéranse aumentos en torno ó 4% e o 1% respectivamente, con estes valores se obtería un crecemento lixeiramente superior o 1% con respecto o resultado do exercicio 2007, xa que a tendencia dos últimos anos e decrecente.

En canto a previsión de facturación das mercadorías, Tarifa X-3, considerase un descenso do 5,7% dado que a tendencia rexistrada nos últimos anos e de diminución na carga e descarga de mercadorías, por este motivo a facturación real desta tarifa no ano 2007 foi un 12,55% inferior a previsión. Polo tanto, convén ser cautos na previsión estimando unha subida próxima ó 1,5% da real do ano 2007, inferior o IPC, que reflicte o posible descenso do exercicio 2008. Este descenso débese fundamentalmente o peso que teñen, dentro da estatística total, as mercadorías dos grupos primeiro e segundo, co prezo máis barato, e tamén o descenso no número de mercantes que descargan mercadorías do grupo quinto nos portos de Ribeira e A Pobra (túnidos conxelados).

Ademais nas tarifas X-1, X-2 e X-3 estableceranse concertos mexilloeiros coas mesmas Asociacións que no ano 2008, considerando tamén a mesma flota que para este ano.

1.2.- En canto a actividade pesqueira, a tarifa X-4 aumenta en relación coa previsión feita para o ano 2008 nun 8,33%, xa que aínda que diminúe o volume da pesca de baixura, está aumentando lixeiramente a pesca de altura e os prezos en xeral aumentan por riba do IPC, rexistrándose unha subida do 18,48 % no exercicio 2007 en relación a previsión realizada.

Tendo en conta a situación do sector, ca suba dos combustibles, enténdese que é necesario ser prudentes, polo que esta subida do 8,33% supón valores similares de capturas do resultado real do 2007 (incremento do 0,27%), e a tendencia do 2008.

1.3.- Polo que respecta ó tráfico deportivo e de lecer, recollido na Tarifa X-5 estímase un incremento dun 20%, xa que o resultado do exercicio 2007 superou nun 15,95 % as previsións realizadas. Esta previsión suporía un incremento do 6,47% respecto o resultado do exercicio 2007 e ten en conta a subida do IPC, así como a posta en funcionamento de novas instalacións no ano 2008 e 2009.

1.4.- En canto aos servizos e subministros diversos, facturados nas tarifas específicas, estímase na

E-2 Almacens, edificios e locais, unha subida arredor dun 37%, xa que o resultado do exercicio 2007 superou nun 90,03% as previsións. Este incremento debese fundamentalmente o trasvase na facturación de diversas autorizacións de instalacións portuarias (Dptos para usuarios) que antes se consideraban ocupación de dominio público, e tamén debido a un maior control do mesmo. Esta subida tradúcese nun mantemento estable das tarifas, seguindo a evolución deste ultimo ano (0,31% referida o resultado do exercicio 2007), que é inferior o IPC.

No que se refire a E-3 de subministros, propónse un incremento do 19,05% con respecto as previsións do exercicio 2008, o que supón incrementar en torno a un 1% a recadación do exercicio 2007, e coincide aproximadamente ca tendencia de crecemento do ano 2008.

Polo que se refire á E-1 Grúas, seguirase na mesma liña co convenio coa grúa de Caión e facturando as grúas de Malpica e Ortigueira, propoñendo unha subida do 33,33% para corrir a diferenza entre o previsto e o facturado no exercicio 2007 (incremento do 364,25%). Con este incremento se prevé unha facturación lixeiramente inferior o exercicio 2007, seguindo a tendencia do 2008.

Por último as previsións para a Tarifa E-4 de servizos diversos será a mesma que para o 2008, xa que a báscula utilízase maioritariamente nos portos de A Pobra e Ribeira. En termos porcentuais manter a facturación nas pesadas (incremento do 0,5% con respecto o exercicio 2007 e previsión de peche do 2008) supón unha diminución do 15,69 % con respecto as previsións do exercicio 2008.

1.5.- Polo que se refire á tarifa CIS, durante os ano 2006 e 2007 tivo lugar un incremento notable na facturación desta taxa debido á facturación a partir das contas anuais solicitadas, que ascendeu en torno aos 640.000 € (dos 300.000 € estimados inicialmente para cada ano). Agora ben, dado que está previsto aprobar o Decreto de desenvolvemento desta tarifa, si resultara de aplicación o mesmo para o ano 2009, é posible que ao establecer límites superiores e inferiores podería supoñer un descenso na facturación. Polo que por principio de prudencia se estima adoptar unha contía de 580.000 €. Dita subida supón un incremento do 5,45% con respecto a previsión do ano 2008, pero suporía un decremento próximo o 10% con respecto o peche do exercicio 2007 para ter en conta a posible entrada en vigor do Decreto de desenvolvemento.

1.6.- En canto á facturación pola taxa de ocupación do dominio público portuario, dado que está pendente de aprobación a Orde de valoración dos terreos, e ao non poder estimar unha data de aprobación e desenvolvemento dos traballos, considérase que non será posible revisar o conxunto de concesións no que se refire ao valor do solo. Nembargante a facturación total do exercicio 2007 superou nun 8,47% as previsións, polo que para compensar esta dispersión propónse unha subida do 5,67%, a cal permitirá manter a facturación estable (+1,2%) con respecto as liquidacións reais do ano 2007 e previsión de peche do 2008.

Outros ingresos da xestión ordinaria: Recolle este concepto as previsións orzamentarias correspondentes os ingresos tributarios polas taxas administrativas (4%) de dirección de obras que, dado o volume de investimentos aos que se vincula a súa execución, estímase unha cifra próxima aos 800.000 €, así como outros ingresos de xestión corrente que inclúe tamén os xuros bancarios que se estiman no seu conxunto no importe de 85.000 €.

Con estas hipóteses de ingresos estímase que a previsión de facturación pola prestación de servizos portuarios para o próximo ano 2009 é de 13.939.000 €, que xunto cos 885.000 € correspondentes a Outros ingresos da xestión ordinaria, acadaríase a cifra total de 14.824.000 €, o que supón un incremento en relación coas previsións feitas para o ano 2008 dun 9,7 %.

Por último, estímase un incremento aproximado do 9% respecto das previsións iniciais do exercicio 2008, do epígrafe de Transferencias e Subvencións que recolle a parte das subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio, así como a parte dos ingresos a distribuír dos bens recibidos en adscrición.

2.- GASTOS:

- Outros gastos de xestión ordinaria: O importe total deste epígrafe ascende a cifra de 24.746.981 € que se desglosa nos seguintes capítulos:

- Gastos de Persoal: O incremento deste capítulo sitúase nun 2,7% con respecto ao orzamento aprobado para o exercicio 2008. Dito incremento se produce como consecuencia da actualización do IPC que se recolla na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma, e do perfeccionamento da antigüidade. A dotación económica prevista acada a cifra total de 5.093.865 € que da cobertura os custos salariais para unha plantilla de 133 traballadores, e inclúe ademais os gastos de formación, acción social, así como o crédito destinado exclusivamente a substitución de persoal ou a contratacións por acumulación de tarefas ou por obra ou servizo determinado.
- Dotacións para amortizacións do inmovilizado: Se asume un incremento próximo ao 5% polo efecto das obras terminadas no exercicio orzamentario.
- Outros gastos de xestión (Servizos Exteriores): As cifras previstas para este capítulo presentan unha redución do 7% respecto do orzamento inicial do exercicio 2008. Por unha banda diminúe nun 36% o crédito destiñado a partida de Reparacións e Conservación, Publicidade, Propaganda e Relacións Públicas nun 63%, e pola outra aumentan nun 33% os gastos por consumos de auga e enerxía eléctrica nos portos, mantendose a partida de Comunicación e outros servizos nas mes cifras que no ano anterior, no que se inclúe a contratación dos servizos de asistencia para a realización dos traballos de implantación dun sistema de xestión do inmovilizado e valorización do inventario patrimonial do ente público Portos de Galicia. A cifra total prevista para o capítulo de servizos exteriores ascende a cifra de 6.546.071 €, o que representa unha baixada de 493.523 € respecto do ano anterior, de acordo co seguinte desglose de partidas:

Partidas	Previsión 2009
(20) Arrendamentos	249.316 €
(21) Reparacións e Conservación	1.050.000 €
(22) Material, subministros e outros servizos	5.178.727 €
(23) Indemnizacións por razón do servizo	68.028 €
TOTAL SERVICIOS EXTERIORES	6.546.071 €

Dentro da partida Material, subministros e outros servizos inclúense a contratación do servizo de limpeza nos portos distribuídos nas distintas zonas por un importe total de 2.184.667,55 €, a suma dos tres contratos superan o 20% do capítulo de servizos exteriores.

Esta redución (-7%) revela claramente o esforzo a realizar no ano 2009 para a contención dos gastos correntes necesarios para o funcionamento dos servizos en beneficio do aforro corrente, polo tanto, da capacidade de financiamento do investimentos.

3.- RESULTADOS:

Da cordo co anteriormente exposto, e tendo en conta a contabilización dos ingresos a distribuír dos bens adscritos, o resultado previsto da conta de perdas e ganancias será dun aforro de 1.457.752 €, obtendo un resultado antes de amortizacións dun superavit de 3.183.043 €.

ORZAMENTO DE CAPITAL

1.- ESTADO DE APLICACIONES:

Adquisicións de inmovilizado:

O capítulo de Inversións reais comprende os gastos a realizar directamente por Portos de Galicia en infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos.

O orzamento de inversións previsto no PAIF para a anualidade 2009 acada a cifra de 35.384.825 € o que representa un lixeiro incremento (1,8%) sobre o orzamento inicial do ano 2008.

No referente ao soporte da dotación dos créditos incluídos neste capítulo hai que destacar os seguintes:

- Os investimentos da anualidade do 2009 do Marco Comunitario de Apoio (MCA), cun montante total de 6.688.903 €. Este investimento están financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e cofinanciados polo Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), previsto no novo marco 2007-2013.
- Outros investimentos a realizar no ano 2009 financiados polo FCI libre que acadan a cifra de 9.712.980 €.
- As actuacións que Portos de Galicia ten programadas con cargo á subvencións fixada pola Comunidade Autónoma (FCA), cun montante total de 14.099.899 €.
- Contémplase asemade, dentro do PAIF, ademais das actuacións programadas, a cifra de 1.400.000 € para obras menores de ampliación e mellora, 1.400.000 € de dotación para a realización de estudos e proxectos, e inclúese neste ano a cantidade de 490.291 € para a primeira fase de execución das obras do novo edificio institucional de Portos de Galicia. Por último destínase a cifra de 135.000 € para a adquisición de diverso material informático e de moblaxe.

O importe dos recursos que se prevén obter mediante transferencias de capital ascenden a 30.501.782 €, distribuídos como se explica no estado de orixes ou recursos. Sen embargo, o importe das adquisicións de inmovilizado acadan a cifra total de 35.384.825 €, financiándose a diferenza, é dicir, 4.883.043 € con recursos propios do exercicio corrente (3.183.043 €), así como de remanentes de tesourería de exercicios anteriores (1.700.000 €).

O desglose do orzamento de capital para o ano 2009 de acordo coa súa natureza económica é o seguinte:

Gastos de Capital	2009
• Adquisición de Inmovilizado	35.384.825 €
- Infraestructura portuaria	33.359.534 €
- Edificacións	490.291 €
- Estudos e proxectos	1.400.000 €
- Elementos de transporte	0 €
- Moblaxe e equipos	30.000 €
- Equipos informáticos	50.000 €
- Outro inmovilizado material	5.000 €
- Aplicacións informáticas	50.000 €

Parte das actuacións que se recollen no PAIF, atópanse vencelladas parcialmente aos seguintes plans de ámbito superior :

Plan ou Programa	Orzamento 2009
Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007/2010	17.276.562 €
Plan da Costa da Morte 2006/2010	107.759 €
TOTAL ...	17.384.321€

2.- ESTADO DE ORIXES:

Financiamento:

Os recursos previstos para o exercicio 2009 acadan a cifra total de 35.384.825 € e agrúpanse baixo dous grandes apartados: os recursos propios xerados polas operacións da actividade de Portos de Galicia e que configuran o grao de autonomía financeira dispoñible; e os recursos alleos, que son ingresos materializados en transferencias de capital destinados a financiar os investimentos en grandes infraestruturas, procedentes do no programa operativo FEDER GALICIA 2007-2013, do FCI, e da subvención global fixada pola Comunidade Autónoma de Galicia (FCA).

Recursos Propios:

Fondo	Orzamento 2009
Recursos procedentes das operacións	3.183.043 €
Remanentes de Tesourería (Var. Fondo Manobra)	1.700.000 €
Total Fondos Propios	4.883.043 €

Transferencias e subvencións de capital:

Este capítulo recolle o conxunto das subvencións e transferencias que recibe o ente para financiar os gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, elévase a cifra a 30.501.782 €, cantidade que se reduce nun 2,2% respecto do orzamento inicial do ano 2008.

As transferencias de capital recollidas no proxecto de orzamentos para o ano 2009 teñen a seguinte procedencia:

Fondo	Orzamento 2009
FEDER	4.484.060 €
F.C.I. (Cofinanciado)	2.204.843 €
TOTAL M.C.A.	6.688.903 €
F.C.I. (Libre)	9.712.980 €
F.C.A. (Fondos Comunidade Autónoma)	14.099.899 €
TOTAL INGRESOS POR TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	30.501.782 €

As transferencias procedentes do FEDER financian actuacións integradas no Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, e teñen como obxectivo intermedio completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial e encádranse dentro dos seguintes eixos prioritarios:

- Eixe 4: Transporte e enerxía; Tipo de gasto 30: Portos. Ampliación e mellora da infraestrutura portuaria, prestando especial atención á calidade ambiental das instalacións e as operacións portuarias. A cifra prevista para este tipo de gasto acada os 3.963.438 €, cunha taxa de financiamento do 65% (Feder) e 35% (Fci). Inclúense actuacións cuxo obxectivo e o de mellorar a operatividade da rede de portos da Comunidade Autónoma, ampliaranse e mellorarán as instalacións para o transporte marítimo, prestando especial atención á calidade ambiental das instalacións e as operacións portuarias.
- Eixe 5: Desenvolvemento sostible local e urbano; Tipo de gasto 56: Protección e desenvolvemento do patrimonio natural. A dotación prevista acada a cifra de 2.725.464 €.

cunha taxa de financiamento do 70% (Feder) e 30% (Fci) para realizar actuacións dirixidas no ámbito da promoción e difusión de instalacións e servizos portuarios para a navegación deportiva e de lecer.

O resto de transferencias, vía F.C.I, e Fondos da Comunidade Autónoma destinaranse a realización de infraestruturas portuarias recollidas no PAIF, a través dos seus programas de actuación para a consecución dos obxectivos fixados.

As transferencias de capital recíbense vía o programa 08.01.513A.740.7400 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Resumo do estado de orixes:

Fondo	Orzamento 2009
Recursos propios	4.883.043 €
Recursos alleos (Transf. Capital)	30.501.782 €
Recursos alleos (Endebemento externo)	0 €
Total orixes:	35.384.825 €

Remanente de Tesourería:

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERÍA		
(En miles de euros sen decimais)	Exercicio 2008	Exercicio 2009
	(En miles de euros sen decimais)	(En miles de euros sen decimais)
1.- (+) Dereitos pendentes de cobro		
+ Do orzamento corrente	26.004	28.198
+ De orzamentos pechados	19.245	21.439
+ De operacións non orzamentarias	1.062	1.062
+ De operacións non orzamentarias	6.127	6.127
- De dubidoso cobro	430	430
- Cobros pendentes de aplicación definitiva.	-	-
2.- (-) Obrigas pendentes de pago:		
+ Do orzamento corrente	19.313	21.905
+ De orzamentos pechados	17.058	19.650
+ De operacións non orzamentarias	39	39
+ De operacións non orzamentarias	2.216	2.216
+ Pagos pendentes de aplicación definitiva	-	-
3.- (+) Fondos Líquidos		
I. Remanente de tesourería afectado	1.859	2.014
II. Remanente de tesourería non afectado	8.550	8.307
III. Remanente de tesourería total (1-2+3)	-	-
	8.550	8.307

A totalidade do remanente de tesourería encontrase afectado polos custos das obras de construción do edificio para a sede central de Portos de Galicia, estando na actualidade en fase de tramitación dos permisos urbanísticos.

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS:

As actuacións incluídas no Plan de investimentos (ficha EP.09A) se resumen nos seguintes programas de actuación:

Programas	Importe total euros
1.- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas para o transporte de mercadorías e pasaxeiros.	8.448.856 €
2.- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias relacionadas co sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura .	5.279.079 €
3.- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das operacións e actividades portuarias.	6.732.811 €
4.- Incremento do atractivo do litoral galego e desenvolvemento do Plan Director de Portos Deportivos.	8.621.701 €
5.- Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias.	1.253.974 €
6.- Mellora e modernización dos servizos xerais dos portos.	458.621 €
7.- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos e mellora da seguridade.	1.647.493 €
8.- Mellora da xestión organizativa do porto.	490.291 €
9.- A investigación en materia portuaria e marítima da implantación de novas tecnoloxías para o coñecemento e a información.	100.000 €
***** Asistencias técnicas proxectos de obras	1.300.000 €
***** Obras menores para dotación de servizos, e ampliación mellora	1.400.000 €
***** Outro inmovilizado	135.000 €
TOTAL	35.384.825 €

Os programas de investimentos pretenden continuar a estratexia iniciada nos orzamentos do 2007, marcando un significativo cambio nos investimentos, equilibrando as realizadas en infraestruturas coas destinadas á mellora da xestión portuaria no seu sentido máis amplo. Desta maneira preténdese facer fronte aos retos da sociedade actual.

- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas para o transporte de mercadorías e pasaxeiros: actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercancías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novos tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal. Desta maneira pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e a potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercancías. Neste sentido, estase traballando na ampliación do peirao dos portos de Burela e Brens e a mellora dos accesos aos portos de Mirasol-Ribadeo e Ribeira.
- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias relacionadas co sector pesqueiro, marisqueiro e de acuicultura: actuacións encamiñadas ao incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercancías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Para iso se están acometendo ou están previstas a prolongación das infraestruturas de abrigo do porto de Moaña, a ampliación de instalacións de atraque en Tragove e San Pedro de Visma, o deseño dunha lonxa nova en Ribeira ou a construción de novos departamentos para usuarios en Rianxo, Moaña, Arcade,

Portonovo e Razo.

- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das operacións e actividades portuarias: están destinadas a facilita-las operacións portuarias tanto marítimas como terrestres. Entre estas últimas inclúense as de almacenaxe, loxística e distribución, reparación. Iso redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e cuns maiores rendementos levando a un maior desenvolvemento do entorno cercano e, en consecuencia, á xeración de máis emprego. Entre estas actuacións atópanse as ampliacións das infraestruturas portuarias de Camelle, Portosín, Xufre e Baiona, a remodelación das zonas portuarias de Aldán e Laxe, a nova dársena de Cabo de Cruz ou os dragados de Bueu, Meloxo e Laxe.
- Incremento do atractivo do litoral galego e desenvolvemento do Plan Director de Portos Deportivos: para poder potencia-lo uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se ubican os portos e desa maneira desenvolve-la industria auxiliar correspondente. Neste sentido, están executándose ou previstos o acondicionamento dos peiraos e instalacións dos portos de Camariñas, Ortigueira, Canido, Ribadeo, A Pobra, Cambados e Corbaceiras en Pontevedra, a ampliación de pantaláns en Portonovo e Mugardos e a mellora dos de Ribadeo, Celeiro e Cariño, a remodelación do acceso ao porto de Rianxo ou a ordenación da fachada marítima de Pontedeume.
- Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias: actuacións para a implantación nos portos das infraestruturas, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medioambiental eficaz, partindo da experiencia realizada no porto de Pobra de Caramiñal onde implantouse o sistema EMAS de xestión medioambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE. Entre as actuacións previstas están a instalación en 25 portos galegos de elementos de contención e aspiración de augas de sentinas e fecais, a urbanización da zona portuaria de Camariñas ou as ampliacións das ramplas de varada de Ezaro e Domaio.
- Mellora e modernización dos servizos xerais dos portos: para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecementos de auga, saneamento, subministro de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Desta maneira, ademais de mellora-la calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, se persigue a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse desenvolvendo iniciativas en diferentes portos para a ampliación, mellora e modernización das redes de servizos e un estudo sobre o rendemento e o incremento da eficiencia enerxética das instalacións de alumeadado público nos portos.
- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos e mellora da seguridade: desta maneira intentase facilita-lo desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas, e ao mesmo tempo incrementa-la seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como nas superficies portuarias. Desta maneira estanse realizando ou están previstas as ampliacións de atraques en A Pobra, San Adrián de Cobres e Palmeira, a mellora do acceso ao porto de Ribadeo, o estudo de instalacións de control nos accesos aos portos, os atraques para embarcacións de pasaxe no porto de O Grove ou a execución das instalacións de prevención de riscos nos portos autonómicos.
- Mellora da xestión organizativa do porto: para poder conseguilo incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información. Neste apartado destaca a futura construción da nova sede central de Portos de Galicia.
- A investigación en materia portuaria e marítima da implantación de novas tecnoloxías para o coñecemento e a información: está encamiñada ao estudo do clima marítimo, medicións do comportamento do medio mariño (olas, correntes,...) e se complementa coa instalación de equipamento tecnolóxico para o coñecemento de factores climáticos, de marea,... e coa implantación de novas tecnoloxías de control da información. Neste aspecto, desenvolveranse investimentos para prototipos para o desenvolvemento de enerxías renovables, a mellora das redes de servizos portuarios e o equipamento tecnolóxico que permita o procesamento de datos técnicos, climáticos e medioambientais nos portos e que se complementará coa xa existente nos portos de interese xeral galegos.

Todo iso se completa coa participación de Portos de Galicia en diferentes programas de I+D+i que fan que o Ente poida compartir coñecementos cos diferentes socios que conforman os proxectos e que na actualidade van encamiñados, entre outros aspectos, a:

- Desenvolvemento de transporte intermodal e autopistas do mar.
- Actuacións medioambientais nos portos.
- Desenvolvemento da náutica deportiva e das instalacións portuarias para o seu uso e disfrute así como o fomento dos tránsitos en instalacións galegas.
- O desenvolvemento de plataformas loxísticas sostibles.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
ORZAMENTO DE EXPLOTACION

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde de 28 de novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS GASTOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
71	1. Reducción de existencias de productos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aprovisionamentos	0	0	0
600,(608),(609),610	a. Consumo de mercadorías			
601,602,(608),(609),611,612	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
607	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	22.392	23.945	24.747
	a. Gastos de persoal	3.943	4.960	5.094
640,641	a.1) Soldos e Salarios	3.047	3.786	3.869
642,644	a.2) Cargas sociais	896	1.174	1.225
645	b. Prestacións sociais			
68	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	12.488	11.944	13.106
	c.1 de inmovilizado inmaterial	90	81	100
	c.2 de inmovilizado material	12.397	11.864	13.006
	d. Variacións das provisións de tráfico	0	0	0
	d.1 Variacións das provisións de existencias			
693,(793)	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables			
675,694,(794)	e. Outros gastos de xestión	5.927	7.040	6.546
62	e.1 Servicios exteriores	6.582	7.038	6.544
63	e.2. Tributos	-655	2	2
676	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados	34	1	1
661,662,663,665,669	f.1 Por débedas	34	1	1
666,667	f.2 Perdas de investimentos financeiros			
696,698,699,(796),(798),(799)	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
668	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	0	0	0
650	a. Transferencias correntes			
651	b. Subvencións correntes			
655	c. Transferencias de capital			
656	d. Subvencións de capital			
	5. Perdas e gastos extraordinarios	846	0	0
670,671	a. Perdas procedentes do inmovilizado			
674	b. Perdas por operacións de endebedamento			
678	c. Gastos extraordinarios	619		
679	d. Gastos e perdas doutros exercicios	228		
	TOTAL GASTOS	23.238	23.945	24.747
	AFORRO	441		1.458

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde de 28 de novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	1. Ventas e prestacións de servizos	14.041	12.613	13.939
700,701,702,703,705	a. Ventas			
705,741,743	b. Prestacións de servizos	14.041	12.613	13.939
(708),(709)	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
71	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	1.144	905	885
72,73,740,743,744	a. Ingresos tributarios	633	800	800
773	b. Reintegros			
78	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión	309	75	55
775,776,777	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente	309	75	55
790	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos			
760	e. Ingresos de participacións en capital			
761,762	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
	g. Outros xuros e ingresos asimilados	202	30	30
763,765,769	g.1 Outros xuros	202	30	30
766	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
768	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	7.865	10.427	11.381
750	a. Transferencias correntes			
751	b. Subvencións correntes			
755	c. Transferencias de capital			
756	d. Subvencións de capital	7.865	10.427	11.381
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	630	0	0
770,771	a. Beneficios precedentes do inmovilizado	4		
774	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
778	c. Ingresos extraordinarios	625		
779	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios	2		
	TOTAL INGRESOS	23.679	23.945	26.205
	DESAFORRO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
ORZAMENTO DE CAPITAL

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
	2007	2008	2009
1. Recursos aplicados nas operacións	10.751	12.001	11.641
a. redución de existencias de produtos terminados e en curso			
b. aprovisionamentos			
c. servizos exteriores	5.925	7.038	6.544
d. tributos	2	2	2
e. gastos de persoal	3.943	4.960	5.094
f. prestacións sociais			
g. transferencias e subvencións			
h. gastos financeiros	34	1	1
i. outras perdas de xestión correntes e gastos excepcionais	846		
j. dotación provisións de activos circulantes			
2. Pagos pendentes de aplicación			
3. Gastos de formalización de débedas			
4. Adquisicións de inmovilizado:	24.039	34.770	35.385
a. Destinado ao uso xeral			
b. Inmovilizacións inmateriais	257	36	50
c. Inmovilizacións materiais	23.782	34.734	35.335
d. Inmovilizacións financeiras			
5. Diminucións directas de patrimonio	0	0	0
a. En adscrición	0		
b. En cesión			
c. Entregado ao uso xeral			
6. Cancelación ou traspaso a CP de débedas a LP	0	0	0
a. Empréstitos e pasivos análogos			
b. Por préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
7. Provisións para riscos e gastos			
TOTAL APLICACIÓNS	34.789	46.770	47.026
EXCESO DE ORIXES SOBRE APLICACIÓNS (AUMENTO DE CAPITAL CIRCULANTE)			
1. Recursos procedentes das operacións	15.815	13.518	14.824
a. Vendas			
b. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso			
c. Taxas, prezos públicos e contribucións especiais	14.674	13.413	14.739
d. Transferencias e subvencións correntes	0	0	0
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma			
iii. Da UE			
e. Ingresos financeiros	202	30	30
f. Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepcionais	939	75	55
g. Provisións aplicadas de activos circulantes			
2. Cobros pendentes de aplicación			
3. Incrementos directos de patrimonio	0	0	0
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma			
iii. Da UE			
4. Transferencias e subvencións de capital	18.960	31.202	30.502
i. Do Estado	8.465	12.968	11.918
ii. Da comunidade Autónoma	10.109	14.420	14.100
iii. Da UE	386	3.813	4.484
5. Débedas a longo prazo	0	0	0
a. Empréstitos e outros pasivos análogos			
b. Préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
6. Alleamento de inmovilizado	0	0	0
a. Destinados ao uso xeral			
b. Inmovilizacións inmateriais			
c. Inmovilizacións materiais	0	0	0
d. Inmovilizacións financeiras			
7. Cancelación ou traspaso a CP de inmovilizacións financeiras			
TOTAL ORIXES	34.774	44.720	45.326
EXCESO DE APLICACIÓNS SOBRE ORIXES (DIMINUCIÓN DE CAPITAL CIRCULANTE)	15	2.050	1.700

VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE

aumentos(+) / diminucións (-)

1. Existencias			
2. Debedores	-8.019	5.465	2.194
a. orzamentarios	-8.410	5.465	2.194
b. non orzamentarios	391	0	
c. por administración de recursos doutros entes			
3. Acredores	7.231	-7.119	-4.049
a. orzamentarios	6.301	-7.119	-4.049
b. non orzamentarios	930	0	0
c. por administración de recursos doutros entes			
4. Inversións financeiras temporais			
5. Empréstitos e outras débedas a curto prazo	0	0	0
a. empréstitos e outras emisións			
b. préstamos recibidos e outros conceptos			
6. Outras contas non bancarias			
7. Tesourería	773	-397	155
a. Caixa			
b. Bancos	773	-397	155
8. Axustes por periodificación			
Total Variación do Capital Circulante	-15	-2.050	-1.700

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde de 28 de novembro de 2001	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	A) Inmovilizado	258.072	280.897	302.418
	I. Invetimentos destinados ao uso xeral	0	0	0
200	1. Terreos e bens naturais			
201	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral			
208	3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural			
	II. Inmovilizacións inmateriais	830	785	735
210	1. Gastos de Investigación e desenvolvemento			
212	2. Propiedade industrial	3	3	3
215	3. Aplicacións informáticas	450	486	536
216	4. Propiedade intelectual			
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro			
219	6. Inmovilizado inmaterial	2.484	2.484	2.484
(281)	7. Amortizacións	-2.108	-2.188	-2.288
	III. Inmovilizacións materiais	257.242	280.112	301.683
220,221	1. Terreos e construcións	343.435	378.154	412.646
223	2. Instalacións Técnicas e Maquinaria	1.858	1.858	1.858
226	3. Mobiliario	480	485	515
227,228,229	4. Outro inmovilizado	811	821	876
(282)	5. Amortizacións	-89.343	-101.207	-114.213
23	IV. Invetimentos xestionados			
	V. Inmovilizacións financieras	0	0	0
250,251,256	1. Carteira de valores a longo prazo			
252,253,257	2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo			
260,265	3. Depósitos e fianzas constituídos a LP			
(297)	4. Provisións			
27	B) Gastos a distribuir en varios exercicios			
	C) Activo circulante	22.794	27.863	30.212
	I. Existencias	0	0	0
30	1. Comerciais			
31,32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33,34	3. Productos en curso e semiterminados			
35	4. Productos terminados			
36	4. Subproductos, residuos e materiais recuperados			
(39)	6. Provisións			
	II. Debedores	20.539	26.004	28.198
43	1. Debedores orzamentarios	14.841	20.307	22.501
44	2. Debedores non orzamentarios	504	504	504
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
470,471,472	4. Administracións públicas	5.623	5.623	5.623
550,555,558	5. Debedores varios	1	0	0
(490)	6. Provisións	-430	-430	-430
	III. Invetimentos financeiros temporais	0	0	0
540,541,546,(549)	1. Carteira de valores a curto prazo			
542,543,544,545,547,548	2. Outros invetimentos e créditos curto prazo			
565,566	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo	0		
(597),(598)	4. Provisións			
57	IV. Tesourería	2.255	1.859	2.014
480,58	V. Axustes por periodificación			
	TOTAL XERAL (A + B + C) ...	280.866	308.760	332.630

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
PAIF 2009-2011

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde de 28 de novembro de 2001	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	A) Fondos propios	76.854	76.854	78.311
	I. Patrimonio	89.722	89.722	89.722
100	1. Patrimonio			
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	94.599	94.599	94.599
103	3. Patrimonio recibido en cesión			
(107),	4. Patrimonio entregado en adscrición			
(108),	5. Patrimonio entregado en cesión			
(109),	6. Patrimonio entregado ao uso xeral	-4.877	-4.877	-4.877
11	II. Reservas			
	III. Resultados de exercicios anteriores	-13.309	-12.868	-12.868
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	1.895	2.336	2.336
(121),	2. Resultados negativos de exercicios anteriores	-15.204	-15.204	-15.204
129	IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)	441	0	1.458
13	B) Ingresos a distribuir en varios exercizos	191.815	212.590	232.411
	C) Acredores a longo prazo	3	3	3
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables	0	0	0
150	1. Obrigacións e bonos			
155	2. Débedas representadas en valores negociables			
156	3. Xuros de obrigas e outros valores			
158,159	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Outras débedas a longo prazo	3	3	3
170,176	1. Débedas con entidades de crédito			
171,173,177	2. Outras débedas			
178,179	3. Débedas en moeda estranxeira			
180,185	4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo	3	3	3
259	III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos			
	D) Acredores a curto prazo	12.194	19.314	21.905
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables	0	0	0
500	1. Obrigacións e bonos a curto prazo			
505	2. Débedas representadas noutros valores negociables			
506	3. Xuros de obrigacións e outros valores			
508,509	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Débedas con entidades de crédito	0	0	0
520	1. Préstamos e outras débedas			
526	2. Débedas por xuros			
	III. Acredores	11.983	19.314	21.905
40	1. Acredores orzamentarios	10.021	17.309	19.901
41	2. Acredores non orzamentarios	1.836	1.836	1.836
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
475,476,477	4. Administracións Públicas	169	169	169
521,523,527,3528,529	5. Outros acredores			
550,554,559	6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo	-42	0	0
560,561	IV. Axustes por periodicación	212	0	0
485,585				
	TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...	280.866	308.760	332.630

Consellería de Innovación e Industria

Instituto Enerxético de Galicia

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009. PAIF 2009-2011	FICHA COD EP.08
INSTITUTO ENERXETICO DE GALICIA	
MEMORIA DO PROGRAMA DE ACTUACIONS INVESTIMENTOS E FINACIAMENTO	
<p>1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANEAMENTO ESTRATÉXICO</p> <p>O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) creouse a través da Lei 3/1999, do 11 de marzo. Na exposición de motivos desta lei destácanse algúns aspectos que definen o marco enerxético e o valor estratéxico deste sector económico. A dita exposición incide en que a utilización racional da enerxía é un factor chave na competitividade empresarial e na calidade de vida dos cidadáns, e que é necesario e obrigado harmonizar o uso dos recursos enerxéticos e o respecto ambiental, así como diversificar as fontes enerxéticas para diminuír, na medida do posíbel, a dependencia exterior.</p> <p>A configuración legal do Inega é a dun ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios, dos previstos no artigo 12.1 do Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Está adscrito á consellería competente en materia de enerxía, a Consellería de Innovación e Industria, e suxeito nas súas actividades aos programas e ás directrices xerais da Xunta de Galicia, pero con autonomía funcional para realizar planificación enerxética, estudos, actividades formativas e xestión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, que teñan que ver co ámbito enerxético e destinados tanto a empresas, coma a outros organismos da administración, institucións sen fins de lucro e particulares.</p> <p>Os obxectivos deste instituto son, segundo o artigo 2 da Lei, o fomento e o pulo de iniciativas para a mellora da investigación enerxética en Galicia, o estudo e o apoio de actuacións para o seu coñecemento, o desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías, incluídas as renovábeis, a mellora do aforro e a eficiencia, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos eidos económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias. As súas funcións xerais son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaborar e propor á consellería competente en materia de enerxía plans e programas. - Promover e, de ser o caso, executar os proxectos indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía. - Controlar, vixiar e inspeccionar as instalacións de produción, conducción, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións. - Propoñer disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política enerxética. - Desenvolver programas de asesoramento enerxético e auditorías para fomentar o aforro e mellora da eficacia enerxética, así como elaborar proxectos de racionalización do uso da enerxía e aproveitamento dos recursos enerxéticos. - Fomentar e participar en proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens e servizos relacionados coa enerxía. - Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos –de orixe interna-, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovábeis e de coxeración. - Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados. 	

- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar aos usuarios nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e os programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- O Inega poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.
- Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que, en relación coas materias da súa competencia, se lle encomende ou lle competa ao Instituto no marco desta lei.

Dende 2007 o Inega está a asumir a xestión e tramitación de subvencións de aforro e eficiencia enerxética e fomento das enerxías renovables en réxime de concorrència competitiva que antes realizaba a Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas. Dende ese exercicio aumentou considerablemente o orzamento do Inega para poder facer fronte á concesión desas ordes de subvencións.

Ademáis disto no ano 2006 e 2007 asinaronse convenios co Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía, IDAE, mediante o cal este organismo autónomo do Estado aporta financiación ás Comunidades Autónomas tanto para aforro e eficiencia enerxética como para fomento das enerxías renovables. Isto significa que o Inega, do mesmo xeito que acontece noutras comunidades coas súas respectivas axencias enerxéticas, pasa a xestionar un volume de fondos considerable dende 2006, achegados polo IDAE, para realizar unha se de actuacións marcadas dende este organismo a todas as comunidades.

A maior parte destes fondos achegados polo IDAE destínanse á concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva destinadas a fomento das enerxías renovables e aforro enerxético, que se materializaron na *Resolución do 26 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables correspondentes ao exercicio 2007* (DOG do 28 de maio de 2007) e que integraba tamén os fondos provintes da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Para o periodo 2008-2012 asínase un convenio marco de colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións consideradas no Plan de acción 2008-2012 (PAE4+) da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España. A subscripción deste convenio marco foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 19 de xuño de 2008. Este convenio marco asignalle á Comunidade Autónoma de Galicia o 6,53% do total dos recursos económicos postos a disposición das Comunidades Autónomas polo IDAE en cada anualidade. A cantidade asignada anualmente a Galicia representará o 77% do orzamento total, e o 23% restante será achegado directamente pola Comunidade Autónoma.

Ao igual que o ano anterior, unha parte importante do orzamento asignado a Galicia no convenio 2008 se canaliza a subvencións en réxime de concorrència competitiva a través *Resolución do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables en Galicia correspondentes ao exercicio 2008, e ao abeiro dos convenios subscritos entre o IDAE e o Inega os días 2 e 3 de xullo de 2008*. (DOG 8 de setembro de 2008). Esta resolución tamén inclúe os fondos destinados a fomento do aforro e eficiencia e enerxías renovables anteriormente xestionados pola Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas.

Outra cuestión a salientar entre os novos retos aos que se enfrenta o Inega é a da nova participación pública nas concesións de parques eólicos. Conforme ao previsto no Decreto 242/2007, do 13 de decembro de 2007, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia,, publicouse a Orde do 6 de marzo de 2008 (DOG nº 54, do 17 de marzo) a través da cal se determina a previsión de potencia que se vai tramitar para o período 2008-2012, vaise valorar a participación pública nos proxectos de inversión. Esta participación canalizarase a través do Inega, o que suporá maior carga de traballo e financeira, nestes intres de difícil cuantificación tanto en termos monetarios como en periodos de tempo necesarios para a súa formalización.

A consecuencia destes feitos, que conleva unha grande carga de traballo para o instituto, e que continuará nos anos próximos, os principais condicionantes que afectan ao Inega no momento actual son:

- Necesidade de persoal para facer fronte á maior carga de traballo derivada destas novas atribucións en materia de xestión e tramitación de ordes de axudas para fomento do aforro e eficiencia enerxética e das enerxías renovables en réxime de concorrencia competitiva. Tamén é necesario contratar persoal para solucionar outras necesidades do ente que non están cubertas.
- Conveniencia de dotarse dun espazo físico que se adecúe ao novo traballo: xestión de expedientes, cantidade inxente de papel que ten que ser revisada por persoal administrativo, xurídico e de valoración técnica das subvencións. As características da actual sede, con despachos pequenos e moitas plantas e espazo reducido, dificulta enormemente o movemento das caixas de expedientes entre os distintos departamentos e áreas que teñen que revisalos.

2. OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACTUACIÓNS

Dentro dos obxectivos a acadar e as actuacións a realizar no periodo 2009-2011, facemos unha división por áreas:

2.1. Área de Planificación Enerxética

Sistema de Captación e Procesamento dos Datos Enerxéticos de Galicia (SICAPDE)

O obxectivo fundamental desta sistema é o seguimento da produción eléctrica de Galicia, que supón a actualización continua do inventario de centrais eléctricas, a solicitude dos datos de conexión ás novas centrais e realización de probas de conexión do sistema con elas, descarga automática das súas curvas de produción e revisión semanal da información. Ademais realizaranse as seguintes tarefas:

- Xeración de informes e gráficos mensuais de produción eléctrica dos diferentes grupos de centrais: centrais de réxime especial (eólicas, coxeración, hidroeléctricas e de biomasa) e outras centrais, así como xeración de gráficos e resumos da produción eléctrica para a súa publicación na páxina web do Inega.
- Integración dos informes do Sicapde no Plan Galego de Estatística, para o que se debe redactar un proxecto de integración e revisar os informes do Sicapde para a adaptalos ao plan.
- Implantación dun novo apartado na páxina web do Inega relacionado coa operación do Sicapde, no que se publicará información relacionada coa produción eléctrica en réxime especial e que dará información sobre o funcionamento do Sicapde e os seus resultados: curvas de carga mensuais e resumos de produción das centrais do réxime especial, incluíndo parque eólicos, potencia conectada, históricos de produción...
- Realización de estudos relativos á produción eléctrica de Galicia, entre os que destacan: a análise da produción eólica nos anos 2006 e , influencia das limitacións de evacuación da rede eléctrica de transporte e distribución sobre a rendibilidade económica das instalacións eólicas, análise das perdas de produción eólica orixinada polas limitacións de evacuación de enerxía da rede eléctrica nas diferentes zonas ou nodos , produción eléctrica en réxime especial nos anos 2006 e 2007 e produción eléctrica das centrais de coxeración segundo o tipo de combustible empregado.

Mantemento e actualización do Atlas enerxético de Galicia

- Actualización dos datos incorporados entre 2005 e 2008: datos de enerxía eólica (localización das instalacións incluíndo aerogeneradores en funcionamento, construción, autorización e tramitación administrativa), dos datos de coxeración, de centrais hidroeléctricas e instalacións de enerxía solar fotovoltaica (potencia superior a 25 kWp). Tamén se actualizará a información das infraestruturas eléctricas de transporte e distribución: liñas: alta e media tensión, subestacións, centros de transformación, ...
- Integración do Sicapde no Atlas enerxético de Galicia, para o que é necesario analizar a información dispoñible na actualidade e a que podería incluírse no futuro, vendo a posibilidade da automatización da recepción da información variable, o estudo dos mecanismos de envío e recepción da información (desenvolvemento normativo ou establecendo acordos coas empresas ou organizacións que actuarán como fontes de información do novo sistema Sicapde-Atlas) e deseño e desenvolvemento da integración do Sicapde no Atlas.

2.2. Área de Enerxías Renovables

Programas de axuda pública

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos previstos no Plan de Enerxías Renovábeis do IDAE, o Inega concretará programas de axuda pública e investimento en novos proxectos de aproveitamento enerxético nas seguintes áreas: solar térmica de baixa temperatura, caldeiras de biomasa, solar fotovoltaica illada e outras renovabeis, solar fotovoltaica a rede e gasificación e biogás. O desenvolvemento dos programas será levado e xestionado polo Inega, consonte a normativa de aplicación, contando coa achega financeira de fondos do Inega e do IDAE.

Valoración técnica de proxectos renovábeis (BDP)

O Inega realizará informes técnicos sobre distintas iniciativas públicas e privadas en proxectos de enerxías renovábeis achegadas ao mesmo, valorando o posíbel grao de participación nas distintas fases de proxecto, valorando a realización de proxectos concretos de investimento, considerados de carácter demostrativo ou innovador, for pola tecnoloxía empregada, for pola aplicación á que van destinados ou for por calquera outro motivo considerado de interese, e que estean baseados no aproveitamento dalgunha das fontes de enerxía renovábeis.

Eólica

Informaranse os expedientes presentados ao abeiro da orde de convocatoria de presentación de parques eólicos do 17 de marzo de 2008. Continuarase coa elaboración periódica dos informes xerais de desenvolvemento do Plan Eólico de Galicia, así como outro tipo de informes específicos, segundo as necesidades da consellería.

Co fin de mellorar a integración da enerxía eólica no sistema enerxético actual, levaranse a cabo estudos -e colaborarase noutros- que analicen diferentes aspectos técnicos que poden condicionar o desenvolvemento da enerxía eólica nos vindeiros anos entre os que cómpre destacar: resposta dos aerogeradores ante os ocios de tensión; simultaneidade da xeración eólica a nivel galego; posibilidades de interconexión e evacuación eólica, ou xestión da xeración eléctrica de orixe eólica.

Biomasa

Informaranse os proxectos que se presenten ao abeiro do novo decreto que regule o aproveitamento enerxético da biomasa residual forestal.

Solar

Elaboración do censo de instalacións solares e análise de xeración solar

Dirección técnica do parque eólico experimental de Sotavento

O Instituto Enerxético de Galicia desenvolve as tarefas de dirección técnica do PEE Sotavento. Dentro das actuacións asociadas a esta dirección técnica: tarefas de xestión e explotación do parque eólico, estudos de compatibilidade electromagnética, balance enerxético do parque e calidade de onda, proxectos de avaliación da produción, predición eólica e integración no sistema eléctrico e desenvolvemento de proxectos piloto relacionados con diferentes tecnoloxías de xeración eléctrica.

Outras actividades da área

Colaboración en actividades de comunicación, difusión e formación, elaboración do atlas solar e de ondaxe, realización do proxecto demostrativo da casa bioclimática no parque eólico experimental de Sotavento...

2.3. Area de Aforro e Eficiencia Enerxética

Programas de axuda pública

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos previstos no Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética, o Inega concretará programas de axuda pública e investimento en proxectos de aforro e eficiencia enerxética nos seguintes sectores: industria, transporte, edificación, servizos públicos, agricultura e pesca e transformación da enerxía

O desenvolvemento dos programas será levado e xestionado polo Inega, consonte a normativa de aplicación, contando coa achega financeira de fondos do Inega e do IDAE. (E4+)

Dentro da Xestión da E4

Baixo a supervisión do programa de traballo realizada polo IDAE, realizaranse anualmente as seguintes actuacións:

- Fomento de transporte urbano en bicicleta
- Fomento dos medios de transporte colectivo por estrada en colaboración coa D.X. de Transporte.
- Cursos de condución eficiente de turismos e vehículos industriais.
- Realización de informes e análise de resultados do plan de acción 2008-2012.
- Programas de axudas públicas para os diferentes sectores enmarcados no Plan de Acción 2008-2012 da E4+.
- Actuacións coa Consellería de Vivenda e Solo en edificación
- Plan Renove de electrodomésticos
- Plan de vehículos eficientes
- Programa de axudas á substitución dos vehículos de gasolina por vehículos a GLP.
- Cursos de certificación enerxética de edificios e da nova normativa do RITE.

Estudos e informes de aforro e eficiencia enerxética

O Inega valorará a realización de proxectos concretos de investimento, considerados de carácter demostrativo ou innovador, pola tecnoloxía empregada, pola aplicación á que van destinados ou por calquera outro motivo considerado de interese, e que estean baseados no aforro e a eficiencia enerxética.

O Inega realizará informes técnicos sobre distintas iniciativas públicas e privadas en proxectos de aforro e eficiencia enerxética achegadas ao mesmo, valorando o posíbel grao de participación nas distintas fases de proxecto

Certificación enerxética de edificios

Dentro deste apartado destacan a creación do rexistro de edificios novos. Realización da formación de control externo e realización de estudos e investigación en enerxética edificatoria, a elaboración das ordes de desenvolvemento do control externo e do funcionamento do rexistro e a participación nos grupos de traballo da elaboración do procedemento de certificación enerxética de edificios

Desenvolvemento do procedemento de inspeccións do novo RITE

Participación nos grupos de traballo para a elaboración do procedemento de inspeccións de eficiencia enerxética do novo RITE.

2.4. Area xurídico-administrativa

Tramitación administrativa de axudas públicas

- Elaboración das bases reguladoras das axudas e subvencións das Áreas de Aforro e Eficiencia Enerxética e de Enerxías Renovábeis de acordo cos convenios asinados entre o IDAE e o Inega, cunha dotación orzamentaria para o Programa de axudas públicas no marco da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética E4+ (Plan de Acción 2008-2012) financiado polo IDAE e o Programa de axudas públicas para proxectos de enerxías renovables.
- Estas contías poderán incrementarse con fondos FEDER, establecidos no Programa Operativo Rexional no seu tramo estatal, dentro do Marco Estratéxico Estatal de Referencia para o período de programación 2007-2013.
- E para estes mesmos proxectos con fondos transferidos por parte da Consellería de Innovación e Industria e consignadas nos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia, dos cales parte corresponden a financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e a parte restante á correspondente cofinanciamento.
- Constitución dunha comisión de traballo anualmente que xestionará e tramitará a totalidade dos expedientes destas axudas públicas. Este equipo de traballo, que se reunirá semanalmente, dará soporte técnico ás comisións de valoración constituídas ao abeiro dunha Resolución do director deste ente público que aprrobe as bases reguladoras.
- Redacción das bases reguladoras do plan renove de electrodomésticos. Nesta campaña, ao igual na anterior convocatoria, porase énfase no certificado de retirada dos residuos por parte dos sistemas integrados de xestión de aparellos eléctricos e electrónicos (ECOTIC, ECOLEC e ERP-SAS), de tal xeito que se remitirá información sobre estes sistemas integrados de xestión a todos

os establecementos adheridos ao plan renove do ano anterior.

- Reunión cos concesionarios e fabricantes de vehículos coa finalidade de desenvolver o Plan renove de turismos que ten como obxectivo a modernización do parque de turismos para aproveitar as vantaxes da maior eficiencia de vehículos.

Tramitación de convenios

